



## TEMA 1

### ASPECTOS BÁSICOS DA NORMATIVA DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS

#### ÁMBITO DE APLICACIÓN – ESPECTÁCULO PÚBLICO OU PRIVADO

Tal e como especifica o artigo 2 da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, quedan sometidos ao ámbito de aplicación desta lei, todo tipo de espectáculos públicos e actividades recreativas que se celebren en establecementos e espazos abertos ao público, con independencia do carácter público ou privado de quen os organice, da titularidade pública ou privada do establecemento ou espazo aberto ao público en que se desenvolvan, da súa finalidade lucrativa ou non lucrativa e do seu carácter esporádico ou habitual.

A partir da entrada en vigor desta norma xa non existe dúbida ningunha sobre o que se debe entender por espectáculo público ou privado. Quedan sometidos á esta lei todo tipo de espectáculos públicos que se celebren en establecementos e espazos abertos ao público. Esta definición, que parece moi sinxela, ten unha enorme importancia e cambia totalmente a percepción que se tiña ata agora do que era un espectáculo público e un espectáculo privado. Quedan unicamente fóra do ámbito de aplicación desta lei e, polo tanto, teñen a consideración de espectáculos privados os actos e celebracións de carácter privado ou familiar e que no se efectúen nun establecemento aberto ao público.



A lei tamén define con claridade o que se entende por establecemento aberto ao público e por espazos abertos ao público.

O artigo 3 ofrece unha definición ao respecto.

Son establecementos abertos ao público: locais, instalacións ou recintos dedicados a levar a cabo neles espectáculos públicos ou actividades recreativas. Poden ser dos seguintes tipos:

1º. Locais cerrados, permanentes, non desmontables, cubertos total ou parcialmente.

2º. Locais non permanentes desmontables, cubertos total ou parcialmente, ou instalacións fixas portátiles ou desmontables pechadas.

3º. Recintos que unen varios locais ou instalacións constituídos en complexos ou infraestruturas de ocio.

Son espazos abertos ao público: lugares de titularidade pública, incluída a vía pública, ou de propiedade privada, onde ocasionalmente se levan a cabo espectáculos públicos ou actividades recreativas e que non dispoñen de infraestruturas nin instalacións fixas para facelo.

Unicamente quedan excluídos do ámbito de aplicación desta lei os seguintes:

a) Os actos e celebracións de carácter privado ou familiar que non se efectúen en establecementos abertos ao público e que, polas súas características, non supoñan ningún risco para a integridade dos espazos públicos, para a convivencia entre a cidadanía ou para os dereitos de terceiros.

b) As actividades efectuadas en exercicio dos dereitos fundamentais de reunión e manifestación.



## COMPETENCIAS MUNICIPAIS

Corresponde aos concellos:

a) Recibir e comprobar as declaracións responsables, así como outorgar as licenzas que correspondan en relación cos espectáculos públicos e coas actividades recreativas que se desenvolven dentro do termo municipal, incluídas as de carácter extraordinario.

b) Recibir e comprobar as declaracións responsables, así como outorgar as licenzas que correspondan en relación coa apertura de establecementos abertos ao público.

c) Adoptar as medidas que sexan necesarias para o desenvolvemento ordenado dos espectáculos públicos e das actividades recreativas da súa competencia, sen prexuízo das competencias estatais en materia de seguridade pública.

d) Exercer as funcións de inspección e de control nos termos previstos no título IV.

e) Incoar, instruír e resolver os expedientes sancionadores por infraccións cometidas en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas que non sexan de competencia autonómica conforme ao disposto no artigo 4.

f) Autorizar as ampliacións ou reducións sobre o horario xeral, atendendo aos criterios, os supostos e as circunstancias que, de ser o caso, figuren na orde de horarios prevista no artigo 17.

g) Engadir, dentro das súas competencias e sen prexuízo das que correspondan á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, os requisitos, condicións ou límites para a apertura de establecementos públicos e a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas no seo das sus ordenanzas municipais.



h) Adoptar as medidas provisionais previas ao inicio do expediente sancionador nos supostos previstos no número 1 do artigo 28.

i) A realización de todas as actuacións precisas para o axeitado desenvolvemento das competencias previstas nas 4 alíneas anteriores.

Enumera a lei unha serie de competencias que se consideran municipais. Todas estas competencias, os municipios xa as viñan exercendo con anterioridade e en virtude da Lei de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL (LEY 5/2014, de 27 de mayo, de medidas urxentes derivadas de la entrada en vigor de la Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de racionalización y sostenibilidad de la Administración local), e deben seguir prestandoas. A Lei de espectáculos enumera esas competencias pero non llas atribúe aos concellos posto que xa eran municipais.

Todos os municipios reciben as declaracións responsables, outorgan as licenzas, inspeccionan, vixían e controlan os establecementos e os espectáculos que se desenvolven no seu termo municipal e sancionan as infraccións que se cometan. Dentro desta competencia que os concellos xa viñan exercendo, esta lei enumera dúas funcións que ata o momento exercía a Comunidade Autónoma e que a partir de agora poderán exercer directamente os municipios. Non se trata dunha nova competencia senón de que o órgano que exerce a competencia específica na materia, que é o concello, a exerza en toda a súa amplitude e con todas as súas funcións. Trátase das autorizacións extraordinarias e as ampliacións de horarios.

Tamén a través das súas propias ordenanzas os concellos poderán:

- a) Limitar ou prohibir a apertura de novos establecementos.
- b) Establecer maiores requisitos técnicos.
- c) Excluír da necesidade de autorización ou declaración responsable espectáculos de escasa entidade.



- d) Prohibir determinados espectáculos.
- e) Establecer os requisitos e procedemento para a concesión de autorizacións extraordinarias.
- f) Establecer o procedemento e requisitos para a autorización das probas deportivas da súa competencia.

En todo caso, están prohibidos os espectáculos públicos e as actividades recreativas que inciten á violencia, ao racismo, á xenofobia, ao sexismo, ao negacionismo, á discriminación por identidade de xénero e á orientación sexual ou a calquera tipo de discriminación, así como aqueles que atenten contra a dignidade humana e contra os dereitos fundamentais. Tamén os que supoñan un risco fundado de produción de desordes públicas, os que vulneren a normativa sobre protección de animais, os que sexan constitutivos de delito e os que se desenvolvan sen que estea garantida a integridade dos bens e, en especial, cando se trate de espazos abertos ou que formen parte do patrimonio cultural ou natural de Galicia.

Polo tanto, aínda que a competencia sexa municipal, a LEP deixa claro cales son aqueles espectáculos públicos ou actividades recreativas que, en ningún caso, se poden autorizar.

## COMPETENCIAS AUTONÓMICAS

Correspóndelle á consellería competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas:

- a) Autorizar a celebración dos espectáculos públicos e das actividades recreativas que se desenvolvan en máis dun termo municipal da Comunidade Autónoma, conforme o procedemento que deberá ser aprobado no prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor desta lei.



(O dito procedemento xa está aprobado mediante o DECRETO 98/2020, do 2 de xullo, polo que se regula o procedemento de autorización da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que se desenvolvan en máis dun termo municipal da Comunidade Autónoma de Galicia)

b) Autorizar a celebración dos espectáculos e festexos taurinos que se rexerán pola súa normativa específica.

c) Determinar o horario xeral de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

(A determinación dese horario xeral foi realizada mediante a aprobación da ORDE do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas)

d) Exercer as funcións de inspección e de control nos termos previstos no título IV.

e) Incoar, instruír e resolver os expedientes sancionadores relacionados cos espectáculos públicos e coas actividades recreativas de competencia autonómica.

f) Adoptar as medidas provisionais previas ao inicio do expediente sancionador nos supostos previstos nos números 1 e 2 do artigo 28.

g) Calquera outra que lle outorgue a normativa específica dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.



## RÉXIME DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA

A LEP modifica a Lei do emprendemento de Galicia, concretamente os artigos que se refiren ao réxime de intervención administrativa. Establece como regra xeral a declaración responsable e so para casos moi concretos exige a necesidade de licenza.

En concreto exige, licenza para:

- a) A apertura de establecementos con capacidade superior a 500 persoas ou que presenten unha especial situación de risco.
- b) A instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública, anexas ao establecemento.
- c) A celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas de carácter extraordinario sempre que requiran plan de autoprotección ou estudo específico segundo a normativa sectorial aplicable.
- d) A montaxe de instalacións para a celebración de espectáculos e a celebración de espectáculos ou actividades sempre que para a dita instalación ou espectáculo se requira plan de autoprotección ou estudo específico.
- e) A celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que se desenvolven en máis dun termo municipal.
- f) A celebración de espectáculos ou festexos taurinos.

Por último, a LEP menciona tamén como supostos necesarios de licenza a apertura de establecementos e a celebración de espectáculos cuxa normativa específica exixa a concesión de licenza ou autorización. Neste último suposto entran, por exemplo, os bingos, os salóns de xogo e as tendas de apostas. A normativa específica de xogo exige para estes

establecementos a necesidade de licenza, polo que entrarían neste apartado e precisarían tramitar e obter a preceptiva licenza municipal.

Todos los demais supostos están suxeitos ao réxime de declaración responsable co que as facultades de comprobación da Administración pasan a un momento posterior á apertura do establecemento. Os establecementos poden abrir e os espectáculos poden celebrarse coa simple presentación da declaración responsable no concello, acompañada de toda a documentación que se exige na Lei do Emprendemento.

## PUBLICIDADE

A publicidade da celebración dos espectáculos públicos ou actividades recreativas terase que axustar aos principios de veracidade, transparencia e suficiencia. En ningún caso poderá conter informacións que induzan ao equívoco ou poidan distorsionar a capacidade electiva dos/das espectadores/as.

A publicidade dos espectáculos públicos e das actividades recreativas deberá recoller, polo menos, os seguintes contidos:

a) A clase de espectáculo ou actividade.





b) A data, o horario e o lugar das actuacións, os prezos das entradas e os lugares de venda, así como, de ser o caso, as condicións de admisión, as normas particulares ou as instrucións para o normal desenvolvemento do espectáculo ou da actividade.

c) A denominación, o domicilio, o teléfono e o correo electrónico do organizador ou organizadora.

Prohíbese calquera forma de promoción ou publicidade que incite a violencia, ao racismo, ao machismo, ao negacionismo, á discriminación por razón de identidade de xénero ou opción sexual, ao consumo irresponsable de alcohol ou que atente contra o benestar animal ou faga apoloxía de actividades contrarias aos dereitos fundamentais e ás liberdades públicas recoñecidas pola Constitución e por tratados internacionais ratificados polo Estado español.

### INFORMACIÓN AO PÚBLICO NO CASO DE ESTABLECEMENTOS PÚBLICOS

Nos establecementos abertos ao público deberase dispoñer nun lugar visible ao público e perfectamente lexible, nos dous idiomas oficiais de Galicia, a seguinte información:

a) O número de teléfono, o número de fax, o enderezo postal ou o correo electrónico para efectos de reclamacións ou peticións de información.

b) O horario de apertura e peche.

c) A copia da licenza municipal de apertura, no caso de que esta sexa exixible.



- d) A capacidade máxima.
- e) A existencia de follas de reclamación.
- f) As limitacións de entrada e a prohibición de consumo de alcohol e tabaco a persoas menores de idade, de conformidade coa lexislación vixente.
- g) As condicións de admisión determinadas de acordo co previsto no artigo 13, no caso de existiren.
- h) As normas particulares ou instrucións elaboradas polo/a titular do establecemento para o normal desenvolvemento do espectáculo ou da actividade.

## RÉXIME SANCIONADOR

### TIPO DE INFRACCIÓNS

Segundo a Lei de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, constitúen infraccións ao previsto na dita lei, as accións ou omisións tipificadas nela. As infraccións administrativas reguladas nesta lei clasifícanse en moi graves, graves e leves.

Considéranse infraccións moi graves as seguintes:



- a) Superar a capacidade máxima cando comporte un risco grave para a seguridade de persoas ou bens.
- b) Non permitir o acceso ao establecemento aberto ao público aos axentes da autoridade ou ao persoal inspector que estea no exercicio do seu cargo.
- c) Celebrar espectáculos públicos ou actividades recreativas expresamente prohibidos nesta lei ou incumprindo as resolucións polas cales se prohibe a súa celebración.
- d) Incumprir a obriga de ter subscrito e en vigor o contrato de seguro de acordo co disposto nesta lei.
- e) Cometer unha infracción grave cando, no prazo dun ano, o mesmo suxeito for sancionado pola comisión de dúas ou máis infraccións graves e a resolución ou resolucións sancionadoras foren firmes na vía administrativa.

Considéranse infraccións graves as seguintes:

- a) Superar a capacidade máxima cando non comporte un risco grave para a seguridade de persoas ou bens.
- b) Exercer o dereito de admisión en contra do disposto no artigo 13.2
- c) Admitir o acceso a espectáculos taurinos en recintos pechados ás persoas menores de doce anos.
- d) Incumprir os horarios establecidos de acordo co previsto no artigo 17.
- e) A suspensión ou modificación esencial do contido dos espectáculos públicos ou actividades recreativas sen causa xustificada.
- f) A publicidade e promoción dos espectáculos públicos e das actividades recreativas que contraveñan o disposto nesta lei.



- g) Incumprir as disposicións recollidas no artigo 15 inherentes á obriga de dispoñer de servizos de vixilancia e seguridade propios cando sexan obrigatorios.
- h) O incumprimento por parte da persoa titular do establecemento aberto ao público ou por parte do organizador/a do espectáculo público ou da actividade recreativa da obriga de contar con persoal habilitado encargado do control de acceso no caso de dispoñer de servizo de control de acceso.
- i) A negativa a actuar por parte do/a artista, intérprete ou executante sen causa xustificada.
- j) Os comportamentos que poidan producir alteracións da orde ou crear situacións de perigo para o público asistente, participantes, persoas organizadoras e traballadoras, artistas, forzas e corpos de seguridade, terceiros afectados e bens, así como a súa permisividade.
- k) A perturbación grave do normal desenvolvemento do espectáculo público ou da actividade recreativa.
- l) Non colaborar no exercicio das funcións de inspección sempre que non constituía infracción moi grave.
- m) A comisión dunha infracción leve cando, no prazo dun ano, o mesmo suxeito for sancionado pola comisión de dúas ou máis infraccións leves e a resolución ou resolucións sancionadoras foren firmes na vía administrativa.
- n) Incumprir o disposto nesta lei sobre a venda de entradas ou practicar a súa revenda.

Considéranse infraccións leves:

- a) Incumprir a obriga de información ao público nos termos establecidos no artigo 19.



b) Calquera outra acción ou omisión que constitúa incumprimento das obrigas establecidas nesta lei ou vulneración das prohibicións previstas nela cando non proceda a súa cualificación como infracción moi grave ou grave.

## SANCIÓNS

As infraccións leves serán sancionadas con multa de ata 300 euros.

Pola comisión de infraccións graves poderanse impoñer as seguintes sancións:

- a) Multa de 301 a 30.000 euros.
- b) Suspensión ou prohibición da actividade por un período máximo dun ano.
- c) Clausura do establecemento aberto ao público por un período máximo dun ano.
- d) Inhabilitación para organización ou promoción de espectáculos públicos e actividades recreativas por un período dun ano.
- e) Incautación dos instrumentos, efectos ou animais utilizados para a comisión das infraccións. Os gastos de almacenamento, transporte, distribución, destrución ou calquera outro derivado da incautación serán por conta de quen cometa a infracción.

Pola comisión de infraccións moi graves poderanse impoñer as seguintes sancións:



- a) Multa de 30.001 ata 600.000 euros.
- b) Clausura do establecemento aberto ao público por un período máximo de tres anos.
- c) Suspensión ou prohibición da actividade ata tres anos.
- d) Inhabilitación para a organización ou promoción de espectáculos públicos e actividades recreativas ata tres anos.
- e) Incautación dos instrumentos, efectos ou animais utilizados para a comisión das infraccións. Os gastos de almacenamento, transporte, distribución, destrución ou calquera outro derivado da incautación serán por conta de quen cometa a infracción.
- f) Peche definitivo do establecemento.



## TEMA 2

### ASPECTOS BÁSICOS DA NORMATIVA DE XOGO

#### INTRODUCCIÓN

O Estatuto de Autonomía de Galicia establece, no seu artigo 27.27, que lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de casinos, xogos e apostas, con exclusión das Apostas Mutuas Deportivo Benéficas.

Pola súa parte, a lei estatal de regulación do xogo (Lei 13/2011, do 27 de maio) indica que é competencia estatal os xogos que teñan un ámbito de desenvolvemento estatal e os xogos reservados, a saber, as lotarías da Sociedade Estatal Loterías y Apuestas del Estado (SLAE) e a Organización Nacional de Cegos Españoles (ONCE).



O Estado ten competencia para o xogo online e para as lotarías da SLAE e da ONCE.

A Comunidade Autónoma de Galicia, en cambio, ten competencia para todo tipo de xogo presencial xa que, de momento, no ten asumido a competencia en materia de xogo online autonómico.

En virtude desa competencia autonómica atribuída polo Estatuto de Autonomía, o goberno galego aprobou un conxunto de normas para regular o xogo presencial na nosa comunidade. A primeira norma a ter en conta e que aínda se mantén vixente na actualidade, é a Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas de Galicia. Con posterioridade a esa norma foise ditando toda a normativa de desenvolvemento específica de cada un dos xogos. A normativa en materia de xogo é moi prolixa e ampla, polo que a título meramente de exemplo podemos mencionar as seguintes normas de desenvolvemento:

- a) Decreto 166/1986, do 4 de xuño polo que se aproba o Catálogo de xogos da Comunidade Autónoma de Galicia
- b) Decreto 39/2008, do 21 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de máquinas recreativas e de azar da Comunidade Autónoma de Galicia
- c) Decreto 181/2002, do 10 de maio, polo que se aproba o Regulamento do xogo do bingo
- d) Decreto 162/2012, do 7 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de apostas da Comunidade Autónoma de Galicia
- e) Decreto 37/2016, do 17 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de casinos de xogo da Comunidade Autónoma de Galicia

TIPOS DE ESTABLECEMENTOS DE XOGO





En Galicia existen catro tipos de establecementos de xogo:

- Casinos de xogo
- Salas de bingo
- Salóns de xogo
- Tendras de apostas

En Galicia utilizamos un sistema piramidal en canto aos establecementos de xogo e aos tipos de xogos que poden desenvolverse en cada un deles. Os que se atopan na cúspide da pirámide poden realizar todo tipo de xogos, tanto os propios deles como os do resto de establecementos. Sen embargo, os seguintes nas capas da pirámide só teñen acceso aos xogos que se atopan por debaixo pero nunca aos que se atopan por encima.

Os casinos de xogo poden desenvolver todos os xogos propios de casinos, é dicir, a ruleta, o black-jack, a bola, o punto e banca, o ferrocarril, os dados, o póker etc. Tamén poden ter sala de bingo, máquinas recreativas e máquinas de apostas.

O seguinte establecemento na pirámide son as salas de bingo. Nelas se pode xogar ao bingo, ás máquinas recreativas e ás máquinas de apostas. En cambio, non se pode ter acceso aos xogos exclusivos de casinos xa que están por encima na pirámide.



Os salóns de xogo poden ter máquinas recreativas e máquinas de apostas, pero non poden ter os xogos propios de casinos nin o bingo.

E, por último, están as tendas de apostas que se atopan na base da pirámide e só poden ter máquinas de apostas. Non poden ter xogos exclusivos de casinos, nin bingo, nin máquinas recreativas.

Á marxe deste tipo de establecementos, que son os establecementos de xogo en sentido propio, a normativa de Galicia permite que os locais de hostalaría e os recintos deportivos e feirais poldan ter tamén máquinas recreativas e máquinas de apostas. Os establecementos de hostalaría poden obter autorización autonómica para instalar unha máquina recreativa de tipo A especial, B ou máquina de apostas. En todo caso, o número de máquinas a instalar nun local de hostalaría sería, como máximo, de 2.

Os recintos deportivos e feirais poden dispoñer dun espazo de apostas e obter autorización para instalar máquinas de apostas.

Por último, existen os salóns recreativos que non son obxecto de regulación pola normativa de xogo e aos que poden acceder os menores de idade, posto que nestes non existen máquinas susceptibles de outorgar premios en metálico ou vales cambiabes por obxectos valorables economicamente.

## TIPOS DE MÁQUINAS

Actualmente en Galicia existen os seguintes tipos de máquinas de xogo:

- g) Máquinas recreativas de tipo A - Son aquelas que, a cambio dun prezo, lle permiten á persoa usuaria un tempo de xogo sen ningún tipo de premio nin contraprestación en diñeiro, en especie ou en forma de tickets ou vales cambiáveis por obxectos ou diñeiro, agás a posibilidade de prolongar a partida. Estas máquinas están fóra de regulación pola normativa de xogo e o seu uso está permitido aos menores de idade, polo que poden instalarse nos salóns recreativos.
- h) Máquinas recreativas de tipo A especial – Son aquelas que, a cambio dun prezo, ademais de conceder un tempo de uso ou de xogo, poden conceder eventualmente un premio directo, en diñeiro, en especie ou en forma de tickets, fichas, vales ou semellantes con puntos cambiáveis por obxectos ou diñeiro, en función da habilidade, destreza ou coñecemento da persoa xogadora. O premio máximo que pode outorgar este tipo de máquinas é de 40 euros. O seu uso está prohibido aos menores de idade e non poden instalarse en salóns recreativos.



- i) Máquinas de tipo B ou máquinas recreativas con premio programado – Son aquelas que, a cambio dun prezo, permiten á persoa usuaria un tempo de recreo e, eventualmente, obter un premio en diñeiro. O premio máximo que estas máquinas poden conceder non superará os 500 euros. Estas máquinas poden instalarse nos establecementos de xogo autorizados (casinos, bingos e salóns de xogo) e nos locais de hostalaría. O seu uso está prohibido aos menores de idade.



- j) Máquinas de tipo B especial - Son aquelas máquinas recreativas con premio programado que teñen premios superiores ás máquinas de tipo B. Poden instalarse en salóns de xogo, bingos e casinos pero non nos locais de hostalaría. O premio máximo que poden conceder estas máquinas son 3.600 euros. O seu uso está prohibido aos menores de idade.



- k) Máquinas de tipo C - Son aquelas que, a cambio dunha determinada aposta, lle conceden á persoa xogadora un tempo de xogo e, eventualmente, un premio que dependerá sempre do azar. Para estes efectos, enténdese que existe azar cando as probabilidades de obtención de calquera símbolo, combinación ou premio, non dependen dos resultados das partidas anteriores. Estas máquinas non teñen límite en canto ao premio máximo e só poden ser instaladas en casinos de xogo, estando prohibido o seu uso aos menores de idade.



- l) Máquinas de apostas. Son aquelas destinadas especificamente á formalización de apostas. Poden ser de dous tipos: terminais de expedición, que son aquelas manipuladas por un operador da empresa ou do establecemento no que se atopan instaladas ou máquinas auxiliares de apostas, que son aquelas operadas directamente polo público. Nos locais de hostalaría unicamente poden instalarse máquinas auxiliares de apostas e, en ningún caso, poden as propias máquinas pagar os premios.





## PROHIBICIÓNS DE ACCESO AO XOGO REXISTRO DE PROHIBIDOS

A Lei reguladora dos xogos e apostas de Galicia, no artigo 4, indica que está prohibida a práctica dos xogos de azar, o uso de máquinas con premio e a participación en apostas, aos menores de idade e aos que sendo maiores non se atopen no pleno uso da súa capacidade de obrar. Engade este artigo que a ditas persoas tamén lles está prohibida a entrada aos locais dedicados especificamente ás actividades mencionadas.

Con posterioridade á dita lei que, como xa explicamos, é de 1985, os sucesivos regulamentos que se foron ditando concretaron un pouco máis o réxime de prohibicións.

Así, o regulamento de apostas especifica que teñen prohibido participar nas apostas:

- a) Os menores de idade.
- b) As persoas que voluntariamente solicitasen que lles sexa prohibido o acceso ao xogo, que o teñan prohibido por resolución xudicial ou que fosen declarados incapaces ou pródigos.
- c) As persoas que presenten síntomas de embriaguez, intoxicación por drogas ou alienación mental.
- d) As persoas que porten armas ou obxectos que poidan utilizarse como tales.
- e) Os accionistas, partícipes ou titulares das empresas autorizadas para a organización e explotación das apostas, o seu persoal directivo e os seus empregados.
- f) Os directivos das entidades participantes no acontecemento obxecto das apostas.





- g) Os deportistas, adestradores e participantes directos no acontecemento obxecto das apostas.
- h) Os xuíces ou árbitros que exerzan as súas funcións no acontecemento obxecto das apostas, así como as persoas que resolvan os recursos contra as decisións daqueles.
- i) Os funcionarios que teñan atribuídas funcións de inspección e control en materia de xogo na Comunidade Autónoma.

Nos supostos citados nas letras e) e i), a prohibición de xogar acadará aos cónxuxes ou persoas coas que convivan, ascendentes e descendentes en primeiro grao.

Pola súa parte, o Regulamento de casinos establece unha regulación similar e prohibe a entrada aos casinos ás seguintes persoas:

- a) Aos menores de idade
- b) Ás persoas que non se atopen no pleno uso da súa capacidade de obrar
- c) Ás persoas que á xuízo da dirección presenten síntomas de embriaguez ou baixo a influencia de drogas tóxicas o estupefacientes
- d) Ás persoas que se atopen incluídas no rexistro de prohibicións de acceso ao xogo
- e) Ás persoas que, a xuízo do director do casino, poidan perturbar a orde, a tranquilidade e o desenvolvemento dos xogos ou poidan producir molestias ao resto de xogadores por ter sucedido así en ocasións anteriores.

Por último, o Regulamento do Bingo, tamén recolle un listado de prohibicións semellante aos anteriores. Así, indica que queda prohibido o acceso ás salas de bingo ás seguintes persoas:

- a) Os menores de idade



- b) Os que non se atopen plenamente capacitados
- c) As persoas que pretendan entrar portando armas e obxectos que poidan utilizarse como tales
- d) As persoas que dean mostras de atoparse en estado de embriaguez ou intoxicación por drogas ou de sufrir enfermidade mental ou calquera outra circunstancia da que razoablemente se deduza que poida perturbar a orde ou o desenvolvemento do xogo
- e) As persoas incluídas no Listado de Prohibidos.

Para poder facer efectivas estas prohibicións, os establecementos de xogo da Comunidade Autónoma de Galicia están obrigados a levar un estrito control de acceso. Porén, este tipo de control non é o mesmo en todos os establecementos:

- Os casinos de xogo, as salas de bingo e as tendas de apostas teñen obrigatoriamente que ter un sistema de control de acceso que impida a entrada de menores e das persoas que constan inscritas no Rexistro de Prohibidos
- Os salóns de xogo unicamente teñen que ter un control de acceso que impida a entrada de menores, agás que contén con máquinas de apostas nas que o valor da aposta sexa maior de 20 euros, en cuxo caso teñen que dispoñer tamén dun control que impida o acceso das persoas inscritas no Rexistro de Prohibidos

Se o control de acceso, faise por persoas físicas, hai que ter en conta que este tipo de persoal debe estar habilitado, é dicir, debe ter pasado as probas pertinentes que para tal efecto convoca a Academia Galega de Seguridade e dispoñer da habilitación como controlador de acceso.

Deben contar con control de acceso que impida a entrada de menores:

- Casinos



- Bingos
- Salóns de xogo
- Espazos de apostas en recintos deportivos e feirais
- Tendras de apostas

Deben contar con control de acceso de menores e prohibidos:

- Casinos
- Bingos
- Salóns de xogo que contén con espazos de apostas que permitan apostas de máis de 20 euros
- Tendras de apostas

## LISTADO DE PROHIBIDOS

O Listado de Prohibidos é un listado de todas aquelas persoas que voluntariamente queiran anotarse para que se lles prohiba a entrada nos establecementos de xogo da Comunidade Autónoma de Galicia. Tamén constan anotadas todas aquelas persoas ás que se lles prohiba o acceso ao xogo por resolución xudicial.

O procedemento de inscrición é moi sinxelo e pode facerse de forma telemática ou presencial. Consiste en cubrir un formulario oficial que está dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia e que todos os establecementos de xogo teñen a obriga de facilitar aos usuarios que llo soliciten.

O Listado Autonómico xestiónase no Servizo de Xogo dependente da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior. A inscrición é practicamente automática no momento en que se recibe a solicitude. É totalmente gratuíta. A inscrición supón que a persoa inscrita non poderá entrar en ningún dos establecementos de xogo da Comunidade Autónoma de Galicia,

agás nos salóns que non dispoñan de máquinas de apostas nas que a aposta sexa de valor superior a 20 euros. A inscrición ten unha vixencia de 1 ano, é dicir, que ata que transcorra o dito prazo o que se inscribe non pode darse de baixa.

Tamén existe o Rexistro Nacional de Interdicción do Xogo. É un rexistro semellante ao autonómico pero a nivel estatal. A persoa inscrita non poderá entrar en ningún establecemento de xogo dentro do territorio nacional e tampouco poderá acceder ao xogo online. A vixencia, neste caso, é de 6 meses. Transcorrido o dito prazo, o solicitante poderá darse de baixa. Tamén ten carácter gratuíto pero a inscrición aquí xa non é automática porque, para que teña efecto en Galicia, débese esperar a que o rexistro autonómico poida envorcar os datos do rexistro estatal.

Os establecementos de xogo de Galicia teñen acceso directo ao listado de prohibidos. Cada vez que alguén pretenda entrar, deben solicitar o DNI e consultar a base de datos do rexistro para saber se se trata dunha persoa inscrita ou se, pola contra, pode acceder libremente.



ACADEMIA GALEGA  
DE SEGURIDADE PÚBLICA



TEMA 3



# DEREITOS E DEBERES DAS PERSOAS ESPECTADORAS E USUARIAS. DEREITOS FUNDAMENTAIS

## 1. INTRODUCCIÓN

A LEI 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia (en diante, LEPARG), aborda con carácter xeral –como adoitan facer outras leis autonómicas en termos similares– a regulación dun conxunto de dereitos –ademais dos xa recoñecidos na normativa de defensa dos consumidores– e de obrigas do público que configuran –desde outro punto de vista– obrigas e dereitos para os titulares dos establecementos ou espazos abertos ao público e para os organizadores de espectáculos públicos ou actividades recreativas. Do mesmo xeito, tamén se establecen os dereitos e obrigas dos artistas, intérpretes ou executantes.

A LEPARG pretende acadar un marco normativo adecuado á realidade da sociedade actual, o que obriga a atopar un equilibrio entre os dereitos e as obrigas das persoas que organizan os espectáculos públicos e as actividades recreativas, das persoas espectadoras ou usuarias e das persoas alleas a estas actividades, acreedoras do dereito ao descanso e a unha convivencia normalizada e, ao mesmo tempo, garantindo un equilibrio entre o principio de liberdade e o principio de seguridade e convivencia.

A cidadanía é libre para elixir a forma de ocio e diversión e os titulares ou organizadores para ofertar actividades ou espectáculos sen máis límite que o respecto ás obrigas legais derivadas do interese xeral por razóns de seguridade, convivencia e respecto aos dereitos das persoas.

Esas razóns xustifican as medidas legais para compatibilizar a liberdade co dereito á seguridade das persoas espectadoras ou usuarias, a convivencia cidadá ou os dereitos de terceiras persoas.



O título III da LEPARG, que regula a organización e o desenvolvemento dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, está composto por dous capítulos. O primeiro deles dedícase aos aspectos xerais mentres que o capítulo II regula de xeito específico os dereitos e as obrigas das distintas persoas implicadas nos espectáculos públicos e nas actividades recreativas, é dicir, espectadores/as, artistas, intérpretes ou executantes, titulares e organizadores/as.

O lexislador considerou aconsellable regular polo miúdo este tema especialmente sensible, establecendo unha serie de garantías para todos os elementos subxectivos que interveñen nos espectáculos públicos ou actividades recreativas e, ao mesmo tempo, clarificando a asunción de responsabilidades fronte a eventuais incumprimentos da normativa, malia que algúns dereitos e obrigas puideran considerarse implícitas nas súas normativas específicas.

## 2. DEREITOS E DEBERES DAS PERSOAS ESPECTADORAS E USUARIAS

Tendo en conta a numerosa casuística que reflicte o capítulo II mencionado, imos facer referencia só aos dereitos e obrigas do público. En todo caso, cómpre ter en conta que o incumprimento das obrigas establecidas na LEPARG considérase como infracción leve –que pode sancionarse con multa de ata 300 euros–, cando non proceda a súa cualificación como infracción moi grave ou grave.

- Dereitos do público

Ademais dos que teña recoñecidos na correspondente normativa, especialmente en materia de defensa das persoas consumidoras e usuarias, o público terá os seguintes dereitos:

- a) A que o espectáculo ou a actividade recreativa se desenvolva, se ofrezca e se reciba nas condicións e na forma en que sexa anunciado



pola empresa, agás por causa lexítima acreditada ou por razóns de forza maior ou de caso fortuíto debidamente xustificadas.

- b) A que se lle facilite a utilización das follas de reclamacións, de acordo cos requisitos e coas condicións exixibles na normativa aplicable en razón da materia de que se trate.
- c) A recibir un trato respectuoso e non discriminatorio nin sexista.
- d) A ser admitido no establecemento ou espazo aberto ao público nas mesmas condicións obxectivas que calquera outra persoa usuaria, sempre que a capacidade do local o permita e non concorran ningunha causa de exclusión por razóns de seguridade ou alteración da orde pública.
- e) A que a empresa respecte os termos contractuais derivados da adquisición das correspondentes localidades.
- f) A que a publicidade dos espectáculos públicos e actividades recreativas se axuste aos principios de veracidade, transparencia e suficiencia e non conteña informacións que poidan inducir ao equívoco ou poidan distorsionar a capacidade electiva dos/as espectadores/as.

- Obrigas do público

O público terá as seguintes obrigas:

- a) Ocupar as súas localidades e permanecer nas zonas que sinale en cada caso a empresa para o público, sen invadir os espazos destinados a outros fins, agás que estea previsto no desenvolvemento do espectáculo ou que sexa inherente á natureza da actividade.





- b) Cumprir os requisitos e as condicións de seguridade que establezan os/as titulares ou os/as organizadores/as para que o espectáculo ou a actividade se desenvolva con normalidade e seguir as instrucións do persoal técnico e do persoal de vixilancia e de seguridade, tanto no interior como na entrada e saída do establecemento ou espazo aberto ao público.
- c) Non levar armas ou obxectos que se poidan usar como tales, así como non exhibir símbolos, roupa ou obxectos que inciten á violencia, poidan ser constitutivos dalgún dos delitos de apoloxía establecidos polo Código penal ou inciten a realizar actividades contrarias aos dereitos fundamentais e ás liberdades públicas recoñecidos pola Constitución, especialmente cando inciten ao racismo, ao sexismo e á discriminación por razón de identidade de xénero ou opción sexual.
- d) Respetar os/as artistas, intérpretes ou executantes e demais persoal técnico ao servizo dos establecementos ou espazos abertos ao público, dos espectáculos públicos ou das actividades recreativas.
- e) Cumprir as normas reguladoras da subministración e consumo de tabaco e bebidas alcohólicas e as normas que establecen a idade mínima para poder acceder aos establecementos ou espazos abertos ao público.
- f) Cumprir os requisitos e as normas de acceso e de admisión establecidos con carácter xeral polos/as titulares dos establecementos ou espazos abertos ao público ou polos/as organizadores/as de espectáculos públicos e actividades recreativas. Os ditos criterios de admisión deben estar colocados nun lugar visible e perfectamente lexible para o público.
- g) Respetar o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e os horarios de inicio e de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.



- h) Evitar accións que poidan xerar situacións de perigo ou incomodidade para o público ou para o persoal técnico ao servizo do establecemento ou espazo aberto ao público ou que poidan impedir ou dificultar o desenvolvemento do espectáculo ou da actividade.
- i) Adoptar unha conduta, á entrada e á saída do establecemento aberto ao público, que garanta a convivencia entre a cidadanía, non perturbe o descanso dos/as veciños/as e non dane o mobiliario urbano do contorno onde se leve a cabo o espectáculo ou a actividade.

### 3. DEREITOS FUNDAMENTAIS

A Constitución española de 1978 regula os dereitos fundamentais no seu Título I “**Dos dereitos e deberes fundamentais**” –artigos 10 a 55–, distinguindo tres bloques de dereitos e liberdades con distinto nivel de protección, en función da súa transcendencia, conforme o sistema de garantías establecido no artigo 53:

- Primeiro bloque: dereitos fundamentais e liberdades públicas

Abrangue os dereitos máis dignos de protección pola súa especial transcendencia para a persoa. Inclúense neste bloque:

-O principio de igualdade ante a lei (artigo 14).

-O dereito á obxección de conciencia (artigo 30).

**-Os dereitos regulados na Sección 1ª “Dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas”, do Capítulo II (artigos 15 ao 29):**

-Artigo 15: dereito á vida e á integridade física e moral.

-Artigo 16: dereito á liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto.

-Artigo 17: dereito á liberdade e seguridade.



- Artigo 18: dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.
- Artigo 19: dereito á liberdade de circulación.
- Artigo 20: liberdade de expresión.
- Artigo 21: dereito de reunión.
- Artigo 22: dereito de asociación.
- Artigo 23: dereito de participación política.
- Artigo 24: dereito á tutela xudicial efectiva.
- Artigo 27: dereito á educación.
- Artigo 28: dereito á sindicación e á folga.
- Artigo 29: dereito de petición.

De acordo co artigo 53, estes dereitos gozan das garantías seguintes:

- Vinculan a todos os poderes públicos.
- Están sometidos a reserva de lei, que no caso dos dereitos comprendidos na Sección 1ª do Capítulo II será lei orgánica (conforme aos artigos 53.1 e 81.1).
- Protéxense mediante os seguintes procedementos xudiciais especiais:
  - a) Procedemento baseado nos principios de preferencia e sumariedade ante os Tribunais ordinarios.
  - b) Recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional.
  - c) Recurso de inconstitucionalidade.

Por outra banda, a reforma dos dereitos regulados na Sección 1ª do Capítulo II equipárase a unha reforma total da Constitución, debendo axustarse ao procedemento reforzado do artigo 168.

- Segundo bloque: dereitos e deberes dos cidadáns



Abrangue aqueles dereitos que teñen indubidable transcendencia, pero aos que a Constitución outórgalles un grao de protección menor. **Son os regulados na Sección 2ª "Dos dereitos e deberes dos cidadáns"** do Capítulo II (artigos 30 ao 38):

- Artigo 30: dereito e deber de defender a España.
- Artigo 31: deber de contribución aos gastos públicos de acordo coa capacidade económica.
- Artigo 32: dereito ao matrimonio.
- Artigo 33: dereito á propiedade privada e á herdanza.
- Artigo 34: dereito de fundación.
- Artigo 35: dereito e deber de traballar.
- Artigo 37: dereito de negociación colectiva e á adopción de medidas de conflito colectivo.
- Artigo 38: dereito á liberdade de empresa.

De acordo co artigo 53, estes dereitos gozan das garantías seguintes:

- Vinculan a todos os poderes públicos.
  - Están sometidos a reserva de lei ordinaria.
  - Protéxense mediante o recurso de inconstitucionalidade.
- Terceiro bloque: principios reitores da política social e económica

Inclúense aqueles dereitos que, malia seren normas de obrigado cumprimento para o lexislador, non posúen tanta importancia como os anteriores e, xa que logo, gozan do menor nivel de protección. **Son os regulados no el Capítulo III "Dos principios reitores da política social e económica"** (artigos 39 ao 52):

- Artigo 39: protección da familia..



- Artigo 40: obriga de promover o progreso económico e social, así como o pleno emprego.
- Artigo 41: obriga de manter un réxime público de seguridade social.
- Artigo 42: protección dos emigrantes.
- Artigo 43: dereito á protección da saúde.
- Artigo 44: dereito ao acceso á cultura.
- Artigo 45: dereito a desfrutar do medio ambiente.
- Artigo 46: protección do patrimonio histórico, cultural e artístico.
- Artigo 47: dereito a unha vivenda digna.
- Artigo 48: participación da xuventude.
- Art. 49: protección das persoas con discapacidade.
- Art. 50: protección da terceira idade.
- Art. 51: protección dos consumidores e usuarios.

De acordo co artigo 53, estes dereitos gozan das garantías seguintes:

- Informarán a lexislación positiva, a práctica xudicial e a actuación dos poderes públicos.
- Só poderán ser alegados ante a Xurisdición ordinaria de acordo co que dispoñan as leis que os desenvolvan.
- As leis que os desenvolvan poden ser declaradas inconstitucionais no suposto de que os vulneren.



## TEMA 4

### DEREITO DE ADMISIÓN

#### O dereito de admisión como facultade de titulares e organizadores

Na Comunidade Autónoma de Galicia non existía, ata o de agora, unha regulación específica sobre o dereito de admisión e, no seu defecto, a normativa estatal aplicable era o Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas, do ano 1982. A LEI 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia (en diante, LEPARG), vén encher este baleiro normativo autonómico e configura o dereito de admisión –no seu artigo 13.1– como a facultade dos titulares de establecementos abertos ao público e dos organizadores de espectáculos públicos e actividades recreativas para determinar as condicións de acceso e permanencia neles, con base en criterios vinculados ao normal desenvolvemento do espectáculo ou da actividade e ao cumprimento das disposicións establecidas legal ou regulamentariamente.

#### O exercicio do dereito de admisión

Malia o disposto no apartado anterior, esta facultade non pode considerarse como un dereito absoluto, ilimitado ou suxeito ao criterio discrecional destes. Xa que logo, o número 2 do artigo 13 da LEPARG

dispón que o exercicio do dereito de admisión non pode supoñer, en ningún caso, discriminación por razón de raza, identidade de xénero, orientación sexual, relixión, opinión, discapacidade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, nin atentado aos dereitos fundamentais ou ás liberdades públicas dos usuarios dos establecementos ou espazos abertos ao público, tanto no que atinxe ás condicións de acceso e permanencia como ao uso dos servizos que se presten neles.

Exercer o dereito de admisión en contra do disposto no artigo 13.2 da LEPARG considérase unha infracción grave, que pode sancionarse con multa de 301 a 30.000 euros.

En consecuencia, o que non pode amparar o exercicio do dereito de admisión é o establecemento de prohibicións carentes de fundamento legal. A título de exemplo, non procede establecer como condición específica de admisión ter unha idade superior á permitida pola normativa aplicable consonte a tipoloxía do establecemento, pois tal interpretación suporía unha contravención dos dereitos recoñecidos na Constitución Española, sinaladamente no seu artigo 14 –que consagra o dereito fundamental de igualdade–, en relación co artigo 12 –que establece a maioría de idade nos 18 anos–.

Cómpre lembrar ao respecto o disposto na Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, en cuxo artigo 16.1 establece as limitacións ao acceso de menores de idade a determinados locais –salas de festas, de baile ou discotecas–, salvo que estean acompañados de maiores de idade con responsabilidade sobre eles. O artigo citado non deixa marxe a facer unha interpretación extensiva da limitación ao acceso de menores a outro tipo de establecementos abertos ao público senón que, pola contra, sinala de xeito taxativo aos que se refire.

En definitiva, o obxectivo fundamental desta facultade é que a actividade propia do establecemento aberto ao público ou a realización do espectáculo público ou da actividade recreativa poida desenvolverse con normalidade, evitando –precisamente mediante a esixencia de condicións específicas de admisión, obxectivas e non discriminatorias– situacións que



poidan causar molestias ou danos aos clientes do establecemento ou ao público asistente ao espectáculo ou á actividade e, xa que logo, o prexuízo dos lexítimos intereses do seu titular ou organizador.

O decreto polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de empresas e establecementos, do ano 2022, determina con maior detalle as condicións de admisión e permanencia nos establecementos abertos ao público e nos espectáculos públicos e actividades recreativas. Indica que a persoa que pretenda establecer condicións especiais de admisión poderá comunicar as ditas condicións ao concello ou á xefatura territorial correspondente, segundo o tipo de espectáculo de que se trate.

A persoa debe achegar, xunto coa súa comunicación unha copia do cartel no que consten as condicións especiais de admisión que pretenda establecer. No dito cartel debe figurar o nome do establecemento ou do espectáculo, o enderezo, a identificación do titular e a referencia expresa ás condicións de entrada no establecemento ou espectáculo indicando con claridade a expresión **“Reservado o dereito de admisión”**.

## Réxime de información ao público e publicidade

- Información ao público no caso de establecementos abertos ao público

Sempre que se respecten os principios xerais mencionados para o exercicio do dereito de admisión de acordo co previsto no artigo 13 da LEPARG, cada establecemento aberto ao público pode establecer condicións específicas de admisión, pero deberá dispoñer desa información nun lugar visible ao público e perfectamente lexible, nos dous idiomas oficiais de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 19.g) da lei. O incumprimento da obriga de información ao público neses termos considérase unha infracción leve, que pode sancionarse con multa de ata 300 euros.





- Publicidade no caso de espectáculos públicos ou actividades recreativas

A publicidade de espectáculos públicos ou actividades recreativas deberá recoller as condicións de admisión establecidas polos organizadores, consonte dispón o artigo 20.2.) da LEPARG. O incumprimento da obriga de publicidade neses termos considérase unha infracción grave, que pode sancionarse con multa de 301 a 30.000 euros.

O texto legislativo galego incorpora un número 3 ao mencionado artigo 13, coa finalidade de garantir o acceso a comida específica ás persoas con intolerancias ou alerxias alimentarias. Esta incorporación supón unha novidade respecto da normativa comparada doutras comunidades autónomas e está prevista para os supostos nos que se ofrezan bebida e comida nos espectáculos públicos ou actividades recreativas naqueles establecementos cuxa actividade principal non sexa a hostalaría e non se poida garantir a oferta de produtos para estas persoas que, deste xeito, poderán acceder con ese tipo de alimentos especiais.

#### Límites xurídicos do dereito de admisión

Consonte a normativa aplicable e a xurisprudencia reflectida en diversas sentenzas, pódense extraer as seguintes conclusións:

- O dereito de admisión configúrase como unha facultade dos titulares de establecementos abertos ao público e dos organizadores de espectáculos públicos e actividades recreativas, cuxo exercicio encontra un límite inquebrantable nos principios básicos de igualdade e prohibición de discriminación do artigo 14 da Constitución Española.
- Así, vulnera este dereito fundamental impedir a entrada a persoas de color (como declarou a Sentenza núm. 440 da Sección 1ª da Audiencia Provincial de Alacante), a persoas maiores de idade (neste sentido, a



Sentenza núm. 308 da Sección 4ª da Sala do Contencioso-Administrativo do TSJ de Andalucía, do 12 de marzo de 2009), ou a minusválidos (así, a Sentenza da AP de Oviedo núm. 370, da Sección da Sala do Penal, do 13 de novembro de 2000).

- Igualmente, vulneraría o artigo 14 da Constitución impedir a entrada a un usuario ou espectador polo seu sexo ou orientación sexual, ou calquera outra circunstancia persoal ou social que non responda ás condicións de seguridade e orde pública que o titular dun establecemento aberto ao público ou o organizador dun espectáculo público ou actividade recreativa ten o deber de observar.

## SERVIZO DE CONTROL DE ACCESO

Malia que os titulares de establecemento abertos ao público e os organizadores de espectáculos públicos e actividades recreativas están facultados para determinar as condicións de acceso e permanencia neles, o dereito de admisión pode exercerse polo persoal habilitado como servizo de control de acceso, de conformidade co disposto na LEPARG.

No espírito da lei subxace que a actividade de control de acceso a establecementos abertos ao público, a espectáculos públicos e actividades recreativas, debe exercerse en condicións de máximo respecto e garantía para os clientes, de tal xeito que en todo momento queden salvagardados os seus dereitos como usuarios e garantido o libre acceso en condicións de igualdade e non discriminación. Para acadar esta finalidade é requisito básico que o persoal encargado desta función conte coa capacitación, formación e habilitación precisas para desenvolver as súas tarefas no respecto aos dereitos e garantías mencionados.

O artigo 14 da LEPARG establece que os establecementos abertos ao público, os espectáculos públicos e as actividades recreativas que dispoñan de servizo de control de acceso deberán contar con persoal habilitado, de conformidade co disposto na normativa reguladora da actividade de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas. Queda



exceptuado desta habilitación o persoal cuxa función se limite á constatación do pagamento efectivo da entrada.

Así mesmo, o mesmo artigo dispón que, regulamentariamente, a Administración xeral da Comunidade Autónoma determinará os establecementos abertos ao público, os espectáculos públicos e as actividades recreativas que deban ter servizo e control de acceso con persoal habilitado.

E, por último, sinala que o persoal de control de acceso, baixo a directa dependencia dos titulares ou dos organizadores, encargarse das funcións de admisión e control de permanencia do público nos espectáculos públicos, nas actividades recreativas e nos establecementos abertos ao público.

En desenvolvemento deste precepto legal, a Administración da Comunidade Autónoma aprobou o DECRETO 48/2021, do 11 de marzo, polo que se regula a actividade de control de acceso aos espectáculos públicos e actividades recreativas, así como aos establecementos ou espazos abertos ao público en que se celebren.

Consonte ao disposto neste decreto, enténdese por persoal de control de acceso aquel que exerce as funcións de admisión e control de acceso do público aos espectáculos públicos e ás actividades recreativas así como aos establecementos ou espazos abertos ao público en que se celebren.

Están obrigados a dispoñer de persoal de control de acceso habilitado todos aqueles establecementos abertos ao público, espectáculos públicos e actividades recreativas que teñan prohibido o acceso de persoas menores, consonte o establecido na normativa de aplicación, así como aqueles



establecementos que teñan unha capacidade superior a 500 persoas e aqueles espectáculos públicos e actividades recreativas que se desenvolvan en recintos cerrados cando se precise plan de autoprotección.

Funcións:

As funcións do persoal de control de acceso son as seguintes:

- Controlar a entrada das persoas ao establecemento ou espazo aberto ao público, ao espectáculo público ou a actividade recreativa, coa finalidade de que o acceso se realice de xeito ordenado e pacífico e non perturbe o desenvolvemento do espectáculo público ou da actividade recreativa que se celebre.
- Comprobar a idade das persoas que pretendan acceder ao establecemento ou espazo aberto ao público, así como ao espectáculo público ou a actividade recreativa, no suposto en que sexa procedente, mediante a exhibición do DNI ou documento acreditativo equivalente.
- Comprobar a identidade das persoas que pretendan acceder ao establecemento de xogo para os efectos de acreditar que non constan inscritas no Rexistro ou Listado de Prohibidos de acceso ao xogo da Comunidade Autónoma de Galicia, no suposto en que sexa procedente.
- Controlar a adquisición da entrada ou localidade por parte das persoas que pretendan acceder ao establecemento ou espazo aberto



ao público ou ao espectáculo público ou actividade recreativa, no suposto en que sexa procedente.

- Controlar, en todo momento, que non se exceda a capacidade máxima autorizada.
- Impedir o acceso das persoas que incumpran as condicións específicas de admisión fixadas polas persoas titulares dos establecementos ou espazos abertos ao público ou polas persoas organizadoras dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.
- Controlar que as bebidas expedidas no interior do establecemento aberto ao público se consuman dentro del e non sexan, en ningún momento, sacadas ao exterior.
- Prohibir o acceso ao público a partir do horario de peche do establecemento aberto ao público.
- Informar inmediatamente ao persoal de vixilancia e seguridade, se o houberse ou, no seu defecto, ás forzas e corpos de seguridade, das alteracións da orde que se produzan nos accesos ou no interior do establecemento aberto ao público.
- En caso necesario, auxiliar ás persoas que se atopen feridas e chamar ao teléfono de emerxencias correspondente, cando precisen asistencia médica de profesionais sanitarios.



- Permitir e facilitar as inspeccións ou controis regulamentarios establecidos na normativa vixente.

O persoal de control de acceso unicamente poderá exercer as funcións sinaladas sen que, en ningún caso, poida asumir ou realizar as funcións do servizo de vixilancia e seguridade.

Requisitos:

Para desenvolver as funcións de persoal de control de acceso será necesario reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser maior de idade.
- b) Ter a nacionalidade española ou dalgún dos países que integran a Unión Europea ou estar en posesión do permiso de residencia e traballo correspondentes.
- c) Carecer de antecedentes penais.
- d) Ter superado o curso específico que para tal efecto convoque a Academia Galega de Seguridade Pública e de conformidade co disposto no artigo 8 deste decreto.
- e) Ter a aptitude psicolóxica necesaria acreditada consonte o que dispón o artigo 8.4.



Para desenvolver a función de control de acceso deberá contarse coa habilitación da dirección xeral competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas, logo da obtención do certificado acreditativo de ter superado o curso correspondente expedido pola Academia Galega de Seguridade Pública.

Procedemento:

Obtención da habilitación

1. O procedemento para a obtención da habilitación consistirá na superación dun curso de formación de 6 horas acerca das materias especificadas no Anexo. Para superar o curso formativo será necesario asistir á totalidade das horas lectivas e obter unha nota mínima de 5 puntos no exame de coñecementos sobre as materias reflectidas no Anexo e impartidas no curso de formación.
2. O exame de coñecementos consistirá nun test de 20 preguntas. Para obter os 5 puntos será necesario responder correctamente a 10 preguntas. As respostas erróneas non descontarán para o cómputo total das correctas. A persoa encargada da dirección do curso será a responsable da súa avaliación e de expedir a acreditación de telo superado.
3. Para poder ser admitido/a no curso de formación será necesario presentar unha solicitude no prazo que se estableza na convocatoria que realice para tal efecto a Academia Galega de Seguridade Pública, achegando a seguinte documentación:



- a) Fotocopia do DNI ou documento identificativo equivalente.
  - b) Certificado de antecedentes penais.
  - c) Certificado de aptitude psicolóxica.
  - d) Xustificante acreditativo do pago da taxa administrativa correspondente.
4. O certificado de aptitude psicolóxica poderá ser expedido por un centro médico-psicotécnico debidamente autorizado consonte o disposto no Real decreto 170/2010, do 19 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de centros de recoñecemento destinados a verificar as aptitudes psicofísicas dos condutores ou por persoal colexiado, coa titulación de psicoloxía ou medicina. O certificado de aptitude psicolóxica expedirase unha vez superadas as probas necesarias para comprobar que non existe enfermidade ou deficiencia ningunha que poida supoñer incapacidade psíquica ou psicolóxica, ou calquera outra limitativa do discernimento, asociada con:
- a) Trastornos mentais e de conduta.
  - b) Dificultades psíquicas de avaliación, percepción e toma de decisións e problemas de personalidade.
  - c) Calquera outra afección, trastorno ou problema non comprendidos nos parágrafos anteriores, que limiten o pleno exercicio das facultades mentais precisas para o desenvolvemento das funcións de persoal de control de acceso.

O certificado de aptitude psicolóxica terá un prazo de vixencia dun ano a contar desde a data da súa expedición, durante o cal poderá ser utilizado, mediante duplicado, copia ou certificación, en calquera procedemento administrativo que se inicie nese prazo.





5. Toda a información relativa a este procedemento, incluída a convocatoria, realizarase mediante publicación na páxina web da Academia Galega de Seguridade Pública e, ademais, na sede electrónica da Xunta de Galicia.

### Expedición da habilitación

No prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación na páxina web da Academia Galega de Seguridade Pública da relación definitiva das persoas que superaron o curso formativo, cuxos datos recompilaranse desagregados por sexo, as persoas aspirantes incluídas nela deberán solicitar da dirección xeral competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas, a expedición da habilitación, xuntando o xustificante de ter aboada a correspondente taxa administrativa para os efectos de que lles sexa expedida esta, xunto co distintivo que os identifique e acredite como persoal de control de acceso a espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público.

### Renovación da habilitación

A vixencia da habilitación prevista neste decreto será de 10 anos desde a data da súa expedición. A súa renovación requirirá a acreditación do cumprimento dos requisitos que se establecen nos apartados b) e c) do artigo 8.3 deste decreto.

### Identificación



ACADEMIA GALEGA  
DE SEGURIDADE PÚBLICA



O persoal de control de acceso levará de forma visible e permanente un distintivo, expedido pola dirección xeral competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas, que o identifique e o acredite como tal.



## TEMA 5

### MEDIDAS DE SEGURIDADE NOS ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO E NORMATIVA DE AUTOPROTECCIÓN

#### CONDICIÓN S TÉCNICAS E DE SEGURIDADE

A Lei de espectáculos públicos dedica un artigo ás condicións técnicas e de seguridade dos espectáculos públicos, as actividades recreativas e os establecementos abertos ao público. O artigo 7 especifica o seguinte:

Os establecementos ou espazos abertos ao público, os espectáculos públicos e as actividades recreativas sometidas a esta lei, deberán reunir as condicións de seguridade, calidade, comodidade, accesibilidade, salubridade e hixiene apropiadas para garantir os dereitos do público asistente e de terceiras persoas afectadas, a convivencia veciñal e a integridade dos espazos públicos, atendendo, como mínimo, á normativa reguladora dos seguintes aspectos:



- a) Seguridade para artistas, intérpretes ou executantes, público asistente, persoal técnico, terceiras persoas afectadas e bens.
- b) Solidez das estruturas e funcionamento das instalacións.
- c) Garantías das instalacións eléctricas.
- d) Prevención e protección de incendios e outros riscos inherentes á actividade, facilitando a accesibilidade dos medios de auxilio externo.
- e) Salubridade, hixiene e acústica.
- f) Protección do contorno urbano, do medio ambiente e do patrimonio cultural e natural.
- g) Accesibilidade e supresión de barreiras.
- h) Plan de autoprotección, cando así o exixa a normativa aplicable.

A Disposición adicional única da LEP sinala tamén que os criterios técnicos a que fai referencia esta lei, aplicaranse consonte coa regulación prevista no Código Técnico da Edificación e na súa normativa de desenvolvemento.

Os membros das forzas e corpos de seguridade poderán realizar inspeccións nos establecementos e nos espectáculos públicos. A Lei de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia especifica as medidas que poderán adoptar as forzas e corpos de seguridade directamente:

Estas medidas son:

- a) A suspensión inmediata do espectáculo ou da actividade e o desaloxo e o precinto dos establecementos, o depósito e inmovilización dos bens, efectos ou animais relacionados co espectáculo ou coa actividade.
- b) Aquelas medidas que se consideren necesarias atendendo ás circunstancias concorrentes en cada caso, para garantir a seguridade das persoas e dos bens e a convivencia entre a cidadanía, e que garden a debida proporción atendendo aos bens e dereitos obxecto de protección.



Malia o anterior, unicamente poderán adoptar estas medidas cando o espectáculo ou a actividade comporte un risco grave ou un perigo inminente para as persoas e os bens ou a convivencia entre a cidadanía. Nestes casos, as forzas e corpos de seguridade poderían suspender a actividade, incautar as entradas ou proceder ao desaloxo ou precinto do establecemento. Os axentes deberán tamén, proceder a súa comunicación inmediata ao órgano competente para adoptar as medidas provisionais que, en todo caso, confirmará, modificará ou levantará as ditas medidas no prazo de 48 horas.

## MEDIDAS DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS

A resistencia ao fogo vén determinada pola capacidade dun elemento construtivo para manter, durante un período determinado de tempo, a función portante que lle sexa exixible, así como a integridade e o illamento térmico. Para iso, terase en conta o Código Técnico da Edificación, onde se contempla a propagación interior e exterior do fogo e o disposto no Real Decreto 312/2005, do 18 de marzo, polo que se aproba a clasificación dos produtos de construción e dos elementos construtivos en función das súas propiedades de reacción e de resistencia fronte ao fogo, modificado polo R.D. 110/2008.

Deben estar ben identificadas as vías de evacuación tanto horizontais (corredores) como verticais (escaleiras) e as saídas tanto de planta como do edificio que se utilizarán en caso de emerxencia. En ningún caso serán consideradas vías de evacuación os ascensores, os montacargas nin as escaleiras mecánicas.

## MEDIDAS DE PROTECCIÓN ACÚSTICA



A aplicación práctica da lexislación en materia de contaminación acústica é maioritariamente competencia dos concellos, tal e como establece o artigo 6 da Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído, e debe ser desenvolvida a nivel local mediante ordenanzas municipais.

Algúns concellos non teñen capacidade para elaborar as ditas ordenanzas polo que o Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, prevé que a consellería competente en medio ambiente aprobe unha proposta de ordenanza de protección contra a contaminación acústica que será de aplicación para os concellos que así o decidan e nos termos que eses concellos consideren.

Polo tanto, en cumprimento do disposto nese Decreto, a Consellería de Medio Ambiente aprobou a Orde do 26 de novembro de 2018 para facilitar aos concellos galegos a tramitación da súa propia ordenanza de contaminación acústica, que lles permita aplicar a normativa de ruído e a protección dos seus veciños.

Cada concello ten, en consecuencia, a súa propia normativa en materia de contaminación acústica, que debe ser tida en conta polos organizadores dos espectáculos públicos e das actividades recreativas e polos titulares dos establecementos abertos ao público.

## ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS

O Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, establece as normas que garanten ás persoas con mobilidade reducida ou con calquera outra limitación a accesibilidade e a utilización do contorno urbano, dos edificios, dos medios de transporte e sistemas de comunicación sensorial. Esta normativa pretende promover a utilización de axudas técnicas axeitadas



que permitan mellorar a calidade de vida das persoas. Así mesmo, tamén establece medidas de fomento para conseguir a integración das persoas con limitacións, a regulación do cumprimento da normativa de aplicación na materia, a desaparición progresiva de todo tipo de barreira ou obstáculo físico ou sensorial, así como a definición concreta dos parámetros de accesibilidade recollidos no código de accesibilidade.

## SEGURIDADE E SOLIDEZ DAS ESTRUTURAS

O Código Técnico da Edificación (CTE) é o marco normativo que establece as exixencias que deben cumprir os edificios en relación cos requisitos básicos de seguridade e habitabilidade establecidos na Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.

As exixencias básicas de calidade que deben cumprir os edificios refírense a materias de seguridade (seguridade estrutural, seguridade contra incendios, seguridade de utilización) e habitabilidade (salubridade, protección fronte ao ruído e aforro enerxético). O CTE pretende dar resposta á demanda da sociedade en canto á mellora da calidade da edificación, mellorando a protección do usuario e fomentando o desenvolvemento sostible.

## ATRACCIÓN S ITINERANTES DE FEIRA

O decreto de 2022 polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de empresas e establecementos, especifica, con maior detalle, as condicións técnicas e de seguridade que deben cumprir as instalacións portátiles ou desmontables.

Así no artigo 4 indica que deben cumprir:

a) as previsións da norma UNE-EN 13782:2016 – Estruturas temporais, carpas, seguridade.



- b) as previsións da norma UNE-EN 132000-6:2013 Instalacións para espectadores. Parte relativa ás gradas temporais desmontables ou normas que as substitúan.
- c) as medidas previstas en materia de evacuación no Documento Básico de Seguridade en caso de incendio (DB-SI) e no apartado de accesibilidade do Documento básico de seguridade de utilización e accesibilidade (DB-SUA) naquelas instalacións portátiles ou desmontables que estean cerradas polo menos nos 2/3 do seu perímetro e naquelas outras que, tendo un perímetro acoutado menor de 2/3 e maior de 1/2 teñan unha superficie de polo menos 2.500 metros cadrados.
- d) Cando, polas características específicas da actividade, as saídas estean conformadas por unha apertura na propia lona ou entoldado vertical de pechamento, esta deberá quedar sinalizada, dispoñer dun sistema rápido de enrolado e recollida e estar exento no oco do paso de calquera elemento vertical sustentante, así como de calquera tipo de soporte horizontal que supoña unha diferenza de nivel e poida consistir nunha barreira para as persoas con discapacidade. En calquera caso, os ditos pasos disporán, en todo momento, de persoal que facilite a apertura e reconduza a evacuación do público.
- e) Ter un plan de autoprotección e un plan de emerxencia cando así o exixa a normativa de aplicación.

Especificamente as atraccións itinerantes de feira deben cumprir os requisitos contidos nas seguintes normas:

- a) Norma UNE-EN 13814:2006 **"Maquinaria e estruturas para parques e feiras de atraccións. Seguridade.**
- b) Norma UNE-EN 14960:2014 **"Equipos de xogo inchables. Requisitos de seguridade e métodos de ensaio"**
- c) Norma UNE-EN 13782:2016 **"Estruturas temporais. Carpas. Seguridade"**.

SEGUROS





Os titulares de establecementos e os organizadores de espectáculos públicos deben dispoñer dun seguro de responsabilidade civil. O seguro debe estar vixente todo o tempo que permaneza en funcionamento o establecemento ou durante o tempo en que se desenvolva o espectáculo.

Os concellos deben comprobar que, tanto os espectáculos como os establecementos, teñen o seguro vixente e o pagamento das pólizas ao día. A policía local pode solicitar a exhibición dos documentos correspondentes aos titulares dos establecementos e aos organizadores dos espectáculos. A falta de seguro pode comportar o peche do establecemento ou a suspensión inmediata do espectáculo. A vixencia da póliza de seguro débese acreditar mediante un exemplar da póliza e do recibo de pagamento das primas correspondentes ao período do seguro en curso ou da copia deles. Ambos os documentos poderán ser requiridos en calquera momento polo persoal funcionario dos órganos da Administración competente encargados de realizar as actuacións inspectoras, instrutoras e sancionadoras.

Están obrigados a dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil as persoas titulares de establecementos abertos ao público ou organizadoras dos espectáculos públicos e actividades recreativas, segundo o caso. As persoas organizadoras de espectáculos públicos e actividades recreativas de carácter extraordinario deben contratar a póliza de responsabilidade civil, independentemente da que tamén teñan contratada as persoas titulares dos establecementos ou espazos abertos ao público onde se leven a cabo os espectáculos públicos ou as actividades recreativas.

O seguro deberá cubrir a responsabilidade civil que sexa imputable, directa, solidaria ou subsidiariamente, ás persoas titulares dos establecementos abertos ao público, ou ás persoas organizadoras dos espectáculos públicos ou das actividades recreativas, de tal maneira que



cubra os danos persoais e materiais e os prexuízos consecutivos ocasionados ás persoas usuarias ou asistentes e a terceiras persoas e aos seus bens, sempre que os ditos danos e perdas sexan producidos como consecuencia da xestión e explotación do establecemento ou da realización do espectáculo público ou da actividade recreativa, así como da actividade do persoal ao seu servizo ou das empresas subcontratadas.

Para os efectos do establecido no parágrafo anterior, enténdese por prexuízos consecutivos as perdas económicas que deriven directamente dos danos persoais e materiais sufridos pola persoa reclamante e que están amparados pola póliza de seguro.

Quedan excluídos da cobertura dos contratos de seguros regulados por esta lei os danos e perdas sufridos polas persoas que, directa ou indirectamente, dependan empresarialmente das persoas titulares ou das persoas organizadoras, que deben dispoñer dun contrato de seguro específico. Tamén quedan excluídos os danos que sufran os bens destinados ao uso do establecemento aberto ao público ou ao desenvolvemento do espectáculo público ou da actividade recreativa.

O decreto do 2022 polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de empresas e establecementos, fixa xa as contías definitivas das pólizas dos seguros de responsabilidade civil establecendo no seu artigo 8 diferenciacións en función das capacidades e do tipo de establecemento ou espectáculos.

O dito decreto establece tamén unha regulación específica para as festas e verbenas populares organizadas por agrupacións ou asociacións de veciños ou por comisións de festas. Neste caso, os organizadores deben dispor dun seguro de responsabilidade civil cunha contía mínima de capital asegurado



de 200.000 euros. O resto de persoas titulares das distintas actividades como os titulares de atraccións de feira ou as orquestras, deberán contratar as súas pólizas de seguro de responsabilidade civil específicas consonte o disposto no artigo 8 en función da capacidade e o tipo de espectáculo, establecemento ou actividade.

## ASISTENCIA SANITARIA

Os establecementos abertos ao público cunha capacidade inferior a 500 persoas e os espazos abertos ao público cunha capacidade inferior a 1.000 persoas nos que se celebren espectáculos públicos e actividades recreativas incluídos no ámbito de aplicación deste decreto, deberán dispoñer dunha caixa de primeiros auxilios, debidamente sinalizada e coa dotación axeitada para atender os sinistros que puideran producirse.

A caixa de primeiros auxilios estará dotada, como mínimo, do material seguinte: desinfectantes e antisépticos autorizados, gasas estériles, algodón hidrófilo, vendas, esparadrapo, apósitos adhesivos, tesoiras, pinzas e luvas desbotables. Este material revisarase periodicamente e, en todo caso, antes do comezo de cada espectáculo público, repoñéndose o material que falte ou estea caducado.

Os establecementos abertos ao público cunha capacidade entre 500 e 1.000 persoas e os espazos abertos ao público cunha capacidade entre 1.000 e 5.000 persoas nos que se celebren espectáculos públicos e actividades recreativas incluídos no ámbito de aplicación deste decreto, deberán cumprir os requisitos previstos no número 1 e, ademais, disporán dun lugar debidamente sinalizado para prestar os primeiros auxilios e calquera outra posible atención sanitaria. Así mesmo, deberán contar cunha persoa con coñecementos acreditados en asistencia sanitaria inmediata, que deberá estar preparada para a súa intervención durante a duración da totalidade do espectáculo público ou a actividade recreativa.



## DISPOSITIVOS DE VIXILANCIA

Os espectáculos públicos e as actividades recreativas que se realicen tanto en establecementos abertos ao público como en espazos abertos ao público deberán dotarse de persoal suficiente ou sistemas tecnolóxicos adecuados para a identificación das emerxencias e garantir o aviso aos servizos públicos de intervención, así como contar cun plan de emerxencia nos supostos en que a normativa de aplicación así o exixa.

Os espectáculos públicos e as actividades recreativas con previsión de asistencia superior a 2.000 persoas deberán dispoñer do persoal necesario para a prevención e identificación das emerxencias por aglomeracións e para garantir unha evacuación ordenada ou un confinamento, se fose necesario.

Cando o espectáculo público ou a actividade recreativa teña unha previsión de asistencia de público superior a 5.000 persoas, será condición indispensable para a súa celebración que no establecemento ou espazo aberto ao público no que se celebre, se constitúa un posto de mando avanzado que garanta o mando único e a coordinación dos servizos públicos e privados de intervención, seguridade e sanitarios, e estea en permanente contacto co Centro Integrado de Atención ás Emerxencias, CIAE-112, no caso dunha emerxencia. Así mesmo, a persoa organizadora do espectáculo público ou a actividade recreativa deberá comunicar a Axencia Galega de Emerxencias a súa realización cunha antelación mínima dun mes.

Cando o espectáculo público ou a actividade recreativa que se desenvolva en espazos abertos ao público conte cunha previsión de asistencia de entre 2.000 e 5.000 persoas, a persoa organizadora deberá analizar as posibles situacións de emerxencia e adoptar as medidas necesarias en materia de

primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación do persoal e das persoas asistentes, designando para iso o persoal encargado de poñer en práctica estas medidas e comprobando o seu correcto funcionamento. A persoa encargada destas medidas deberá estar, en todo momento, presente durante a celebración do espectáculo público ou actividade recreativa, coordinando e supervisando calquera situación deste tipo que poida producirse.

En todo caso, en espectáculos públicos ou actividades recreativas nas que os asistentes se atopen sentados, exixirase, como mínimo, un vixilante de seguridade por cada 1.000 asistentes. Nos espectáculos públicos ou actividades recreativas nas que os asistentes se atopen de pé, exixirase, como mínimo, un vixilante de seguridade por cada 1.000 asistentes, aumentándose a ratio, como mínimo, a 2 vixilantes por cada 1.000 asistentes, a partir dos 2.000 primeiros.

Esta disposición non será de aplicación ás festas e verbenas populares organizadas por agrupacións ou asociacións de veciños/as ou por comisións de festas.

Nos espectáculos públicos e actividades recreativas en espazos abertos ao público establecerase a seguinte porcentaxe mínima de vías de circulación para o acceso dos espectadores:

- a) Con capacidade igual ou inferior a 500 persoas: 1 vía de circulación.
- b) Con capacidades entre 501 e 1.000 persoas: 2 vías de circulación.
- c) Con capacidades superiores a 1.000 persoas: 4 vías de circulación.

## ASEOS

Os espectáculos públicos e as actividades recreativas en espazos abertos ao público con capacidade igual ou inferior a 500 persoas e de máis de 90 minutos de duración, deberán dispoñer de 3 aseos e un deles accesible.



Os espectáculos públicos e as actividades recreativas en espazos abertos ao público con capacidade entre 501 e 1.000 persoas e máis de 90 minutos de duración, deberán dispoñer de 4 aseos e un deles accesible.

Os espectáculos públicos e as actividades recreativas en espazos abertos ao público con capacidade superior a 1.001 persoas e duración superior a 90 minutos, deberán dispoñer dun aseo adicional por cada franxa de 500 persoas.

Os aseos para homes e para mulleres deberán ter unhas dimensións e estar distribuídos nunha proporción tal que o tempo de espera sexa similar, evitando os tempos de espera substancialmente superiores e as acumulacións de persoas nos aseos para mulleres. Deberán instalarse cambiadores para bebés nos aseos para homes e nos aseos para mulleres.

## NORMATIVA DE AUTOPROTECCIÓN

A normativa de autoprotección en Galicia atópase recollida no Decreto 172/2022, do 6 de outubro, polo que se aproba o Catálogo de actividades que deben adoptar medidas de autoprotección e polo que se fixa o contido das ditas medidas. Segundo o disposto neste decreto precisan plan de autoprotección, en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas:

a) En espazos cerrados:

- edificios cerrados permanentes non desmontables cubertos total ou parcialmente, cunha cabida ou aforo igual ou superior a 1.000 persoas ou cunha altura de evacuación igual ou superior a 28 metros



- instalacións ou locais cerrados desmontables ou de tempada, cubertos total ou parcialmente, cunha cabida ou aforo superior a 1.500 persoas
- outras actividades en espazos delimitados cun número de asistentes e participantes previstos igual ou superior a 5.000 persoas

b) En espazos non delimitados

- actividades cun número de asistentes e participantes previstos igual ou superior a 10.000 persoas

En concreto, nos Plans de Autoprotección especificarase a identificación do titular da actividade, do director do PAU, do director do Plan de actuación en emerxencias e ás persoas responsables da súa implantación. Designarase, por parte do titular da actividade, unha persoa como responsable única para a xestión das actuacións encamiñadas á prevención e o control dos riscos. O PAU debe ser redactado e asinado por un técnico competente, capacitado para ditaminar sobre aqueles aspectos relacionados coa autoprotección fronte aos riscos aos que estea suxeita a actividade ou o establecemento, indicando os seus datos profesionais.

Especificaranse todos os accesos do establecemento, indicando se son accesos principais ou secundarios, as rúas nas que estean localizados. sen son peonais ou rodadas e marcaranse todos os accesos no plano de localización do establecemento, diferenciando as saídas habituais das de emerxencia.



Descríbanse, dentro do establecemento ou espazo, os elementos, instalacións, edificios, construcións ou centros de produción ou de actividades de espectáculos públicos ou recreativos, que poidan dar orixe a unha situación de emerxencia ou que poidan incidir de xeito desfavorable no desenvolvemento desta. Identifícaranse todos aqueles riscos xerados no interior do establecemento e ocasionados polas condicións ou formas de operación das diferentes actividades levadas a cabo ou debido á perigosidade dos distintos produtos manexados.

Exemplos:

- Risco de incendio.
- Risco de explosión.
- Risco de contaminación por axentes químicos.
- Riscos climáticos.
- Riscos tecnolóxicos.

O PAU tamén deberá ter identificadas as medidas de protección de que dispón o establecemento ou espazo, para un mellor coñecemento destas e poder dar resposta inmediata en caso de calquera incidencia, minimizando así o risco de confusión ou equivocación e evitando demoras innecesarias na capacidade de actuación.



# NORMATIVA SOBRE HORARIOS DOS ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO, DOS ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E DAS ACTIVIDADES RECREATIVAS

## 1. ANTECEDENTES

A LEI 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia (en diante, LEPARG), parte da competencia autonómica para a determinación do horario xeral de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas. Para tal fin, fai unha remisión ao posterior desenvolvemento mediante Orde da persoa titular da consellería competente na materia, e logo do informe da Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia (Artigo 17.1).

Pero, ademais diso, o texto legal introduce como novidade –no número 2 do mesmo artigo 17)– a posibilidade de que –dentro do marco normativo da Orde citada no parágrafo anterior– poidan establecerse os criterios, os supostos e as circunstancias que permitan aos concellos autorizar, de xeito motivado, ampliacións ou reducións sobre o horario xeral.

Deste xeito, refórzase o papel das entidades locais como Administración máis próxima á cidadanía, xa que a lei reserva a competencia municipal para a autorización de ampliacións ou reducións sobre o horario xeral, pero sempre dentro dese marco preestablecido pola Orde que a desenvolva.

A este respecto, cómpre lembrar que a lei incorpora unha disposición transitoria na que adía o exercicio destas funcións polos concellos ata o momento da aprobación e entrada en vigor da Orde á que se refire este artigo 17 –na que se establezan os criterios, os supostos e as circunstancias en que o poderán facer– e, mentres tanto, mantén a vixencia da regulación establecida na Orde do 16 de xuño de 2015.



Incumplir os horarios establecidos de acordo co previsto no artigo 17 da LEPARG considérase unha infracción grave, que pode sancionarse con multa de 301 a 30.000 euros.

## 2. RÉXIME DE HORARIOS VIXENTE

- **Introdución**

En desenvolvemento do artigo 17 da LEPARG, aprobouse a ORDE do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas. Xa que logo, a nova Orde dálle estrito cumprimento ao mandato legal non só no que atinxe ao establecemento das disposicións relativas ao horarios xerais senón tamén ás súas modificacións, introducindo a posibilidade de que os concellos poidan realizar ampliacións ou reducións sobre o horario xeral, o que constitúe a principal novidade con respecto á Orde do 16 de xuño de 2005.

A Orde do 23 de outubro de 2020 aplícase a todo tipo de espectáculos públicos e actividades recreativas incluídos no ámbito de aplicación da LEPARG, así como aos establecementos e espazos abertos ao público en que se celebren, de conformidade coas tipoloxías establecidas no DECRETO 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia.

- **Normas xerais**

1. Entenderase por horario de apertura o momento a partir do cal se permitirá o acceso ás persoas usuarias do establecemento aberto ao público ou ás persoas asistentes ao espectáculo público ou actividade recreativa.



2. A partir da hora de peche non se permitirá o acceso de ningunha persoa como usuaria ou asistente, respectivamente, ao establecemento ou ao espectáculo público ou actividade recreativa, e non se ofrecerá ou servirá consumición ningunha. Sen prexuízo das disposicións que ao respecto poidan ser adoptadas, consonte a normativa especial en materia de protección medioambiental, deberán, de ser o caso, quedar fóra de funcionamento, a partir do devandito momento, a ambientación musical, as máquinas e demais aparellos de xogo, vídeo ou semellantes, as sinais luminosas, localizadas no exterior do establecemento ou do espectáculo público ou actividade recreativa, e cesar as actuacións que se celebren, con independencia das tarefas propias de recollida e limpeza que se desenvolvan por parte do persoal.

3. Será de aplicación ás instalacións eventuais, portátiles ou desmontables o mesmo réxime de horario que o fixado para as instalacións permanentes, en función do espectáculo público ou actividade recreativa que se estea a desenvolver.

4. En todo caso e para todos os establecementos regulados nesta orde, entre o seu peche e a apertura seguinte, deberá transcorrer un período mínimo de 4 horas.

Cando coincidan o horario especial de peche e mais o tempo máximo de desaloxo xunto cunha ampliación de 2 horas autorizada polo concello e non fora posible compatibilizar o peche e a apertura seguinte co disposto neste número, o establecemento no que concorran as devanditas circunstancias deberá, en todo caso, atrasar o horario xeral de apertura que lle corresponda durante o tempo necesario para que transcorra un período mínimo de 4 horas.

- Horario de apertura

1. Os establecementos abertos ao público incluídos no número III.2.7. Establecementos de ocio e entretemento, do Decreto 124/2019, do 5 de setembro, non poderán abrir antes das 12.00 horas da mañá.



2. O resto de establecementos abertos ao público así como os espectáculos públicos e as actividades recreativas, non poderán abrir antes das 6.00 horas da mañá.

- Horario de peche dos establecementos abertos ao público e de finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas

## I. ESPECTÁCULOS PÚBLICOS

I.1. Espectáculos cinematográficos	- 2.00 horas
I.2. Espectáculos teatrais e musicais	- 4.00 horas
I.3. Espectáculos taurinos	-22.00 horas
I.4. Espectáculos circenses	- 1.00 horas
I.5. Espectáculos deportivos	- 2.00 horas
I.6. Espectáculos feirais e de exhibición	- 1.00 horas
I.7. Espectáculos pirotécnicos	- 1.00 horas

## II. ACTIVIDADES RECREATIVAS

II.1. Actividades culturais e sociais	- 3.00 horas
II.2. Actividades deportivas	- 2.00 horas
II.3. Actividades de ocio e entretemento	- 2.00 horas
II.4. Atraccións recreativas	- 2.00 horas
II.5. Festas e verbenas populares	- 4.00 horas
II.6. Xogos de sorte, envite ou azar	- 4.00 horas
II.7. Actividades de restauración	- 3.30 horas
II.8. Actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas	-00.00 horas

## III. ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO

### III.1. Establecementos de espectáculos públicos

III.1.1. Cines	- 2.00 horas
III.1.2. Teatros	- 2.00 horas
III.1.3. Auditorios	- 2.00 horas
III.1.4. Circos	- 1.00 horas



III.1.5. Prazas de touros	-22.00 horas
III.1.6. Establecementos de espectáculos deportivos	- 2.00 horas
III.1.7. Recintos feirais	- 1.00 horas
III.2. Establecementos de actividades recreativas	
III.2.1. Establecementos de xogo	
III.2.1.1. Casinos	- 4.00 horas
III.2.1.2. Bingos	- 4.00 horas
III.2.1.3. Salóns de xogo	- 2.30 horas
III.2.1.4. Tendas de apostas	- 2.30 horas
III.2.2. Establecementos para actividades deportivas	
III.2.2.1. Estadios deportivos:	- 2.00 horas
III.2.2.2. Pavillóns deportivos:	- 2.00 horas
III.2.2.3. Recintos deportivos:	- 2.00 horas
III.2.2.4. Pistas de patinaxe:	- 2.00 horas
III.2.2.5. Ximnasios:	- 2.00 horas
III.2.2.6. Piscinas de competición:	- 2.00 horas
III.2.2.7. Piscinas recreativas de uso colectivo:	- 2.00 horas
III.2.3. Establecementos para atraccións e xogos recreativos	
III.2.3.1. Parques de atraccións e temáticos:	- 2.00 horas
III.2.3.2. Parques acuáticos:	- 2.00 horas
III.2.3.3. Salóns recreativos:	-00.00 horas
III.2.3.4. Parques multiocio:	-00.00 horas
III.2.4. Establecementos para actividades culturais e sociais	
III.2.4.1. Museos:	-00.00 horas
III.2.4.2. Bibliotecas:	- 4.00 horas
III.2.4.3. Salas de conferencias:	- 1.00 horas
III.2.4.4. Salas polivalentes:	- 2.00 horas



III.2.4.5. Salas de concertos: - 4.30 horas

### III.2.5. Establecementos de restauración

III.2.5.1. Restaurantes: - 2.00 horas

III.2.5.1.1. Salóns de banquetes: - 3.30 horas

III.2.5.2. Cafeterías: - 2.30 horas

III.2.5.3. Bares: - 2.30 horas

III.2.6. Establecementos para actividades zoolóxicas,  
botánicas e xeolóxicas -00.00 horas

### III.2.7. Establecementos de ocio e entretemento

III.2.7.1. Salas de festas: - 6.00 horas

III.2.7.2. Discotecas: - 6.00 horas

III.2.7.3. Pubs: - 4.00 horas

III.2.7.4. Cafés-espectáculo: - 4.30 horas

III.2.7.5. Furanchos: - 2.00 horas

III.2.8. Centros de ocio infantil 22.00 horas

- Tempo de desaloxo

Á hora de peche establecida, acenderanse as luces xerais do establecemento, quedando as portas de entrada e saída expeditas e abertas para que se poida producir o completo e ordenado desaloxo. Sen prexuízo dos límites que veñan impostos pola normativa sectorial ou de seguridade e orde pública, o desaloxo dos establecementos practicarase nos seguintes períodos de tempo, atendendo á súa capacidade:

a) Ata 500 persoas: no tempo máximo de 30 minutos, desde a hora de peche.

b) Desde 501 ata 2.999 persoas: no tempo máximo de 45 minutos, desde a hora de peche.



c) Desde 3.000 persoas ou máis: no tempo máximo de 1 hora, desde a hora de peche.

- Ampliación de horario máximo

O horario de peche dos establecementos abertos ao público e de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas aos que se refire esta orde ampliarase con carácter xeral:

- Media hora as noites que van do venres ao sábado, do sábado ao domingo e do domingo ao luns, así como as noites das vésperas dos días festivos e as propias noites dos días festivos.

- Modificacións de horarios

1. De acordo co artigo 17.2 da LEPARG, os horarios xerais poderán ser ampliados ou reducidos, nos supostos que se establecen nos artigos 9 e 10 da Orde.

2. Corresponderalles aos respectivos concellos, segundo o disposto no artigo 5.f) da LEPARG, a ampliación ou redución dos horarios xerais.

- Ampliacións de horarios

1. Ao abeiro do disposto no artigo 5.f) da LEPARG, os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste, os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.

2. Os concellos, mediante acordo do órgano competente, establecerán o número máximo de días naturais ao ano en que poderán ampliar os



horarios de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

3. Para os efectos desta orde, entenderase por Entroido o período comprendido entre o Xoves de Entroido e o Mércores de Cinza, ambos incluídos, por Semana Santa o período comprendido entre o Domingo de Ramos e o Domingo de Resurrección, ambos incluídos, e por Nadal o período comprendido entre o 22 de decembro e o 6 de xaneiro, ambos incluídos.

4. En todos os supostos anteriores, as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

5. Os concellos tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais ata un máximo de 2 horas.

- Reducións de horarios

1. Ao abeiro do disposto no artigo 5.f) da LEPARG, os concellos poderán reducir para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste, o horario xeral dos establecementos abertos ao públicos ou dos espectáculos públicos e das actividades recreativas regulados nesta orde polas causas que de seguido se relacionan e de conformidade co procedemento que se determine.

2. Serán causas de redución do horario a localización dos establecementos ou dos espectáculos públicos e actividades recreativas en áreas ou zonas de alta concentración destes ou as que se atopen cualificadas e delimitadas como residenciais, medioambientais protexidas ou saturadas e cando a actividade que neles se desenvolva impida o dereito ao descanso da veciñanza.





3. Nas zonas ou áreas previstas no número 2 deste artigo e cando concorran as circunstancias mencionadas nel, poderase reducir o horario xeral de peche dos establecementos abertos ao público ou dos espectáculos públicos e das actividades recreativas en 2 horas.

- Apertura de portas dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas

Todos os establecementos abertos ao públicos, os espectáculos públicos e as actividades recreativas comezarán á hora anunciada e durarán o tempo previsto nos carteis ou, de ser o caso, na correspondente autorización.

- Réxime especial de horarios para determinadas actividades de restauración

1. Poderán acollerse a un réxime especial de horarios as actividades de restauración situadas nos seguintes lugares:

- a) Áreas de servizo de estradas, aeroportos, portos, estacións de ferrocarril e estacións de autobuses.
- b) Establecementos de hospedaxe.
- c) Polígonos industriais.
- d) Centros sanitarios e tanatorios.

2. Nestes supostos, poderán ter, como máximo, o horario fixado para o propio establecemento onde se desenvolva a actividade, sempre que as devanditas actividades de restauración vaian destinadas a satisfacer as necesidades das persoas profesionais e usuarias do establecemento e que neles se ofrezan exclusivamente bebidas e alimentos para o consumo inmediato, sen que, en ningún caso, poidan dispoñer de espazos específicos para a celebración de bailes ou medios de reprodución de música de ningún tipo.

- Réxime especial de horarios de peche de determinados establecementos abertos ao público



1. Os concellos que teñan obtido a declaración de zona de gran afluencia turística para os efectos de horarios comerciais, de acordo coa vixente normativa de comercio interior de Galicia, nos termos e cos límites temporais establecidos na correspondente declaración, poderán autorizar, logo da petición das persoas titulares das actividades de restauración, ocio e entretemento, horarios especiais, que supoñan unha ampliación dos horarios xerais de peche, para os devanditos establecementos.

Nestes supostos, as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público.

2. Os concellos poderán autorizar, logo da petición dos organismos ou entidades titulares da actividade, a ampliación dos horarios xerais de peche dos museos e das bibliotecas en máis de 2 horas, cando concorran circunstancias excepcionais que resulten acreditadas.

O concello resolverá o expediente de xeito motivado, facendo constar de forma expresa o período de vixencia da ampliación acordada. Transcorrido este, rexerá de novo o horario xeral.

3. Así mesmo, os concellos poderán autorizar, logo da petición dos organismos ou entidades titulares da actividade, a ampliación dos horarios xerais de peche dos establecementos para actividades deportivas en máis de 2 horas, cando concorran circunstancias excepcionais que resulten acreditadas.

O concello resolverá o expediente de xeito motivado, facendo constar de forma expresa o período de vixencia da ampliación acordada. Transcorrido este, rexerá de novo o horario xeral.



## TEMA 7

### RÉXIME XURÍDICO DAS PERSOAS MENORES DE IDADE

#### 1. INTRODUCCIÓN

A LEI 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia (en diante, LEPARG), outórgalle unha relevancia especial á protección integral da infancia e da adolescencia e, nomeadamente:

- Recolle unha remisión ás obrigas introducidas pola normativa vixente en materia de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en persoas menores de idade. Cómpre lembrar ao respecto que, como logo veremos, a Lei galega 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, establece as limitacións ao acceso de persoas menores de idade a determinados locais. Xa que logo, estes establecementos deben contar cun servizo de control de acceso con persoal habilitado, entre cuxas funcións está, precisamente, a de comprobar a idade das persoas que pretendan acceder ao establecemento cando sexa procedente.
- Prevé a idade mínima para o acceso aos espectáculos taurinos en recintos pechados e, en consecuencia, prohíbe o seu acceso. Esta



prohibición dálle cumprimento ao acordo adoptado co mesmo teor literal por unanimidade do Parlamento de Galicia e, ademais, tamén reflicte a recomendación emitida polo Valedor do Pobo no mesmo sentido. Polo tanto, neste tipo de espectáculos tamén será esixible un servizo de control de acceso con persoal habilitado para impedir a entrada ao recinto das persoas menores desa idade.

O título III da LEPARG, que regula a organización e o desenvolvemento dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, está composto por dous capítulos. O primeiro deles regula os aspectos xerais da organización e do desenvolvemento e dedica un artigo específico á protección das persoas menores de idade.

## 2. RÉXIME XURÍDICO DAS PERSOAS MENORES DE IDADE

- Protección das persoas menores de idade

A LEPARG regula a protección das persoas menores de idade no seu artigo 16, nos termos seguintes:

- Con carácter xeral, o acceso das persoas menores de idade a establecementos abertos ao público, espectáculos públicos e actividades recreativas, así como as condicións para poder participar neles, están suxeitos ás limitacións e prohibicións previstas na normativa reguladora da protección integral da infancia e adolescencia e demais lexislación aplicable por razón da materia e, en particular, ás reguladas na normativa vixente en materia de prevención do consumo de bebidas alcohólicas, tabaco e substancias ilegais en persoas menores de idade, e será aplicable o réxime sancionador que, en cada caso, resulte de aplicación.

No marco desta normativa, cómpre facer especial mención á xa citada Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, que dedica o seu artigo 16 ás Limitacións ao acceso de menores de idade a locais, co teor literal seguinte:



“[...] 1. Con carácter xeral, queda prohibida a entrada dos menores de idade en salas de festas, de baile ou discotecas, salvo que estean acompañados de maiores de idade con responsabilidade sobre estes.

- Excepcionalmente, estes locais poderán dispoñer de sesións especiais para maiores de 14 anos, con horarios e sinalización diferenciadas, sen que poida ter continuidade ininterrompida con aquelas sesións en que se produza a venda de bebidas alcohólicas, retirándose dos locais, durante estas sesións especiais, a exhibición e publicidade deste tipo **de bebidas.**”

#### Entrada de persoas menores a concertos

Neste punto cómpre comentar algunhas cuestións respecto da entrada de persoas menores de idade a concertos. O primeiro que debe quedar claro é que a LEPARG non regula o tema expresamente senón que, pola contra, fai unha remisión á regulación xa existente na materia. Da análise da normativa citada anteriormente pode concluírse o seguinte:

- A Lei 11/2010 non prohibe a entrada de persoas menores de idade aos concertos. Unicamente prohibe a entrada de persoas menores de idade de xeito específico nas salas de festa, de baile ou discotecas e sempre que non vaian acompañados por persoas maiores de idade con responsabilidade sobre eles.
- Xa que logo, o acceso de persoas menores de idade a todo tipo de concertos e espectáculos que non se realicen en salas de festa, de baile ou discotecas está permitido. E tamén poderán asistir aos concertos nestes concretos establecementos se van acompañados dunha persoa maior de idade con responsabilidade sobre eles.
- En resumo:
  - O acceso aos espectáculos públicos e ás actividades recreativas das persoas menores de idade non está prohibido.



- O acceso a concretos establecementos abertos ao público –salas de festa ou discotecas– está matizado polo apartado 2 do artigo 16 da Lei 11/2010, que permite que se fagan concertos en sesións especiais para persoas menores de idade nas que non se poden subministrar bebidas alcohólicas.

O incumprimento do previsto no citado artigo 16.1 da Lei 11/2010, referente á limitación de acceso de persoas menores de idade aos establecementos abertos ao público mencionados considérase unha infracción grave.

Por outra banda, o apartado 2 do artigo 16 LEPARG dispón o seguinte:

2. En todo caso, queda prohibido o acceso aos espectáculos taurinos en recintos pechados ás persoas menores de 12 anos.

Permitir o acceso a espectáculos taurinos en recintos pechados ás persoas menores de doce anos considérase unha infracción grave, que pode sancionarse con multa de 301 a 30.000 euros.

Tamén a normativa de xogo da Comunidade Autónoma establece prohibicións ao acceso das persoas menores de idade a determinados establecementos abertos ao público onde se desenvolve esa actividade. Así, a LEI 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas de Galicia, no seu artigo 4, dispón que está prohibida a práctica dos xogos de azar, o uso de máquinas con premio e a participación en apostas, ás persoas menores de idade e engade que tamén lles está prohibida a entrada aos locais dedicados especificamente a ditas actividades.

### Servizo de control de acceso

De conformidade co disposto na LEPARG, para darlle cumprimento ao marco normativo mencionado anteriormente respecto das persoas menores de idade é necesario que os establecementos abertos ao público, os espectáculos públicos e as actividades recreativas dispoñan dun servizo

de control de acceso que conte con persoal habilitado, consonte o establecido na normativa reguladora da actividade de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas.

A normativa vixente na actualidade é o DECRETO 48/2021, do 11 de marzo, polo que se regula a actividade de control de acceso aos espectáculos públicos e actividades recreativas, así como aos establecementos ou espazos abertos ao público en que se celebren.

Segundo o disposto neste decreto, están obrigados a dispor de persoal de control de acceso habilitado todos aqueles establecementos abertos ao público, espectáculos públicos e actividades recreativas que teñan prohibido o acceso de persoas menores, consonte o establecido na normativa de aplicación.

O propio decreto enumera entre as funcións do persoal de control de acceso (artigo 5), a seguinte:

c) Comprobar a idade das persoas que pretendan acceder ao establecemento ou espazo aberto ao público, así como ao espectáculo público ou a actividade recreativa, no suposto en que sexa procedente, mediante a exhibición do DNI ou documento acreditativo equivalente.

Para poder facer efectivas as prohibicións establecidas na súa normativa específica, os establecementos de xogo da Comunidade Autónoma de Galicia están obrigados a levar un estrito control de acceso. Nomeadamente, deben dispoñer dun servizo de control de acceso con persoal habilitado que impida a entrada de persoas menores de idade aos establecementos abertos ao público das tipoloxías seguintes:



- Casinos
- Bingos
- Salóns de xogo
- Espazos de apostas en recintos deportivos e feirais
- Tendras de apostas

## TEMA 8

### ASPECTOS BÁSICOS DA NORMATIVA EN MATERIA DE IGUALDADE

Dentro do proceso de socialización, os homes e as mulleres poñemos en práctica unha serie de comportamentos aceptados como femininos ou masculinos, comportamentos que van sendo considerados como





apropiados ou non, e que favorecen a nosa inserción na sociedade ou que provocan reaccións adversas. Os ditos comportamentos denomínanse roles de xénero e están directamente relacionados co reparto de tarefas entre homes e mulleres. Así, por exemplo, ás mulleres se lle asignan roles vinculados ao ámbito doméstico, relacionados co coidado do fogar e co coidado das persoas no entorno familiar, e aos homes se lle asigna roles relacionados co ámbito público, o emprego remunerado e a participación nos órganos de toma de decisións que afectan ao conxunto da sociedade.

No noso ordenamento xurídico existen unha serie de normas que propugnan a igualdade. A primeira e máis importante é a Constitución española de 1978. No seu artigo 14 proclama a igualdade de todos os españois sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de sexo. Tamén propugna a igualdade como valor superior do noso ordenamento xurídico e sinala que corresponde aos poderes públicos, promover as condicións para que a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas e remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

Na Comunidade Autónoma galega a norma fundamental nesta materia é o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

### Principios de actuación en materia de igualdade

Os principios de actuación da Comunidade Autónoma en materia de igualdade son:

a) A busca e a eliminación absoluta das discriminacións por razóns de sexo, sexan directas ou indirectas.



- b) A modificación dos patróns socioculturais de conduta de mulleres e homes, con miras a acadar a eliminación dos prexuízos e das prácticas consuetudinarias baseadas na idea de inferioridade ou superioridade de calquera dos sexos ou en funcións estereotipadas de mulleres e de homes.
- c) A integración da dimensión da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na elaboración, execución e seguimento de todas as accións desenvolvidas polo sector público autonómico no exercicio das súas competencias.
- d) O fomento da comprensión da maternidade como unha función social, evitando os efectos negativos sobre os dereitos da muller, e ademais instrumentando outros efectos positivos. A protección da maternidade é unha necesidade social que os poderes públicos galegos asumen e recoñecen politicamente. Sendo a maternidade un ben insubstituíble, todas as cargas e os coidados que supón, a gravidez, o parto, a crianza, a socialización dos fillos, deben recibir axuda directa das institucións públicas galegas, co fin de non constituíren discriminación gravosa para as mulleres. Neste sentido, a Xunta de Galicia aplicará todas as súas competencias para conseguir que se materialice, na práctica, o principio mencionado e a maternidade deixe de ser carga exclusiva das nais e motivo de discriminación para as mulleres.
- e) A adopción de idénticas actuacións de fomento da súa comprensión como función social con respecto ao coidado de familiares que, polas súas dependencias, necesiten a asistencia doutras persoas, mulleres e homes.

### Definicións

Enténdese por discriminación directa a situación en que unha persoa sexa, fose ou puidese ser tratada por razón de sexo de maneira menos favorable que outra en situación comparable; e entenderase por discriminación indirecta a situación en que unha disposición, un criterio ou unha práctica aparentemente neutros sitúan persoas dun sexo



determinado en desvantaxe particular con respecto a persoas do outro sexo, agás que a devandita disposición, criterio ou práctica poidan xustificarse obxectivamente cunha finalidade lexítima e que os medios para alcanzar a devandita finalidade sexan adecuados e necesarios.

Entenderase por acoso ou acoso moral por razón de xénero, a situación en que se produce un comportamento non desexado relacionado co sexo dunha persoa, co propósito ou o efecto de atentar contra a dignidade da persoa e de crear un medio intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo.

Entenderase por acoso sexual a situación en que se produce calquera comportamento verbal, non verbal ou físico non desexado de índole sexual, co propósito ou o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un ambiente intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo.

O concepto de discriminación incluírá:

- a) O acoso ou acoso moral por razón de xénero e o acoso sexual, así como calquera trato menos favorable baseado no rexeitamento de tal comportamento por parte dunha persoa ou o seu sometemento a el.
- b) A orde de discriminar persoas por razón do seu sexo.
- c) O trato menos favorable a unha muller en relación co embarazo ou o permiso por maternidade.

### Criterios xerais de actuación

Coa dobre finalidade de promover a igualdade e eliminar as discriminacións entre mulleres e homes, a Xunta de Galicia integrará a dimensión da igualdade de oportunidades na elaboración, na execución e no seguimento de todas as políticas e de todas as accións desenvolvidas no exercicio das competencias asumidas de conformidade coa Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.



Na aplicación dese principio de integración da dimensión da igualdade de oportunidades na elaboración, na execución e no seguimento de todas as políticas e de todas as accións da súa competencia, ou principio de transversalidade, a Xunta de Galicia establece como criterios xerais da súa actuación:

a) O fomento da colaboración entre os diversos suxeitos implicados na igualdade de oportunidades, trátase de suxeitos públicos de ámbito internacional, comunitario, estatal, autonómico, provincial ou local, ou trátase de suxeitos privados, como os partidos políticos, os sindicatos de traballadores ou traballadoras, as asociacións de empresariado ou os colexios profesionais, e, especialmente, a colaboración fomentárase en relación coas asociacións e cos grupos de mulleres.

A colaboración tamén se fomentará no eido das relacións entre os diversos órganos integrados na Administración xeral da Comunidade Autónoma.

b) A consecución da igualdade de oportunidades na política económica, laboral e social, buscando, en especial, a supresión das diferenzas salariais por razón de sexo e o fomento do emprego feminino por conta propia ou allea.

c) A conciliación do emprego e da vida familiar das mulleres e dos homes e o fomento da individualización dos dereitos tendentes a esa conciliación.

d) O fomento dunha participación equilibrada das mulleres e dos homes na toma de decisións e a elaboración de estratexias para o empoderamento das mulleres.

e) A garantía da dignidade das mulleres e dos homes, con especial incidencia na adopción de accións tendentes á erradicación de todas as formas de violencia de xénero –violencia doméstica, delitos sexuais, acoso sexual, explotación sexual–.



f) A garantía do exercicio dos dereitos das mulleres, a través, entre outras medidas, da difusión de información sobre a igualdade de oportunidades e da colaboración cos órganos xudiciais cando proceda segundo a lexislación.

### Uso de linguaxe non sexista

O uso non sexista da linguaxe consiste na utilización de expresións lingüisticamente correctas substitutivas doutras, correctas ou non, que invisibilizan o feminino ou o sitúan nun plano secundario respecto do masculino.

A Xunta de Galicia erradicará, en todas as formas de expresión oral ou escrita, o uso sexista da linguaxe no eido institucional, tanto fronte á cidadanía coma nas comunicacións internas. Para estes efectos, informarase e formarase o persoal ao servizo das administracións públicas galegas.

Tamén procurará a erradicación do uso sexista da linguaxe na vida social e, para estes efectos, realizaranse campañas de sensibilización e divulgación pública.

### Os plans de igualdade das empresas

Os plans de igualdade das empresas son un conxunto ordenado de medidas, adoptadas despois de se ter realizado un diagnóstico da realidade desde a perspectiva de xénero, tendentes a alcanzar na totalidade dos ámbitos da empresa o obxectivo da igualdade entre mulleres e homes e a eliminación da discriminación por razón de sexo, as cales deben comprender:

a) A fixación de obxectivos concretos de igualdade dentro duns prazos de tempo razoables, con especificación de indicadores do cumprimento dos obxectivos e identificación dos órganos ou das persoas responsables.



b) Un código das boas prácticas necesarias ou convenientes para alcanzar os obxectivos asumidos a través da integración da dimensión de igualdade na organización do traballo e na xestión empresarial.

c) O establecemento de sistemas eficaces de control interno e de avaliación externa sobre cumprimento dos obxectivos, así como de mecanismos de readaptación deses obxectivos en función dos resultados obtidos.

Sen prexuízo dos sistemas de control interno e de avaliación externa sobre cumprimento dos obxectivos establecidos no plan de igualdade, garantirase a transparencia na súa implantación mediante o acceso de traballadoras e traballadores da empresa e dos organismos públicos con competencias en materia de igualdade e en materia laboral ao contido dos obxectivos e ao seu grao de cumprimento. En todo caso, a empresa, cando facilite os datos solicitados, deberá respectar a intimidade persoal, a privacidade e os demais dereitos fundamentais.

Os plans de igualdade serán obrigatorios para a Administración autonómica, os seus organismos autónomos, as sociedades públicas, as fundacións do sector público autonómico, as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Comunidade Autónoma e os organismos con dotación diferenciada nos orzamentos da Comunidade Autónoma que, ao careceren de personalidade xurídica, non estean formalmente integrados na Administración da Comunidade Autónoma.

Tamén serán obrigatorios nos termos pactados cando se estableza nun convenio colectivo de ámbito superior á empresa respecto das empresas incluídas no seu ámbito de aplicación ou nun convenio de empresa de calquera ámbito, así como nos supostos previstos na normativa estatal.

O establecemento de plans de igualdade nos termos en que se implanten e a adopción doutras medidas de promoción da igualdade, incluíndo calquera



acción de responsabilidade social, son voluntarios para as demais empresas.

A consellería competente en materia de traballo subvencionará a contratación de persoal especializado destinado a asesorar na elaboración dos plans de igualdade.

### Conciliación da vida persoal, familiar e laboral

De cara ao exercicio dos dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral, como manifestación do dereito das mulleres e dos homes á libre configuración do seu tempo, promoverase a corresponsabilidade a través do repartimento entre mulleres e homes das obrigas familiares, das tarefas domésticas e do coidado de persoas dependentes mediante a individualización dos dereitos e o fomento da súa asunción por parte dos homes e a prohibición de discriminación baseada no seu libre exercicio.

### LEI 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia

A lexislación internacional sobre dereitos humanos e múltiples tratados internacionais consagran a igualdade como un principio xurídico fundamental e universal. Desde a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, que establece que «toda persoa ten os dereitos e as liberdades proclamados nesta declaración, sen ningunha distinción de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición», numerosos textos legislativos internacionais sobre dereitos humanos e múltiples tratados internacionais consagran a igualdade das persoas como un principio xurídico fundamental e universal.



Este recoñecemento implícito da Declaración Universal faise explícito respecto das persoas homosexuais, bisexuais, transexuais e transxénero en numerosos textos e tratados internacionais, e existen declaracións específicas a este respecto que deben ser tomadas en consideración, como os Principios de Yogyakarta. A ONU e a UE estableceron principios internacionais respecto da homosexualidade, vinculantes para os seus Estados membros. No ano 1994, o Comité de Dereitos Humanos de Nacións Unidas ditaminou que a prohibición e consecuente penalización dos comportamentos homosexuais vulneraban os dereitos á privacidade e á non discriminación.

No ano 2000, a UE, no artigo 21 da Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea, censura legalmente a discriminación por motivos de orientación sexual: «Prohíbese toda discriminación, e en particular a exercida por razón de sexo, raza, cor, orixes étnicas ou sociais, características xenéticas, lingua, relixión ou conviccións, opinións políticas ou de calquera outro tipo, pertenza a unha minoría nacional, patrimonio, nacemento, discapacidade, idade ou orientación sexual».

A Resolución do 8 de febreiro de 1994 do Parlamento Europeo, sobre a igualdade de dereitos dos homosexuais e das lesbianas da Comunidade Europea e sobre a igualdade xurídica e contra a discriminación de lesbianas e gays, insta todos os Estados Membros a velar pola aplicación do principio de igualdade de trato, con independencia da orientación sexual das persoas interesadas, en todas as disposicións xurídicas e administrativas. Neste sentido, tamén se pronunciou a Resolución do Parlamento Europeo sobre a homofobia en Europa, aprobada o 18 de xaneiro de 2006, que pide aos Estados Membros que tomen calquera medida que consideren adecuada para loitar contra a discriminación por razón de orientación sexual. Existe, como se acaba de sinalar, abundante lexislación internacional que consagra a igualdade como principio fundamental, e particularmente a igualdade independentemente da orientación sexual dos individuos.

No ano 2011, o Consello de Dereitos Humanos da ONU aprobou a primeira resolución na que se recoñecen os dereitos do colectivo LGTB e unha





declaración formal de condena dos actos de violencia e discriminación en calquera lugar do mundo por razón da orientación sexual e identidade de xénero. Nesa resolución, o Consello facíalle ademais unha petición expresa á Oficina do Alto Comisionado da ONU para os Dereitos Humanos, co fin de documentar as leis discriminatorias e os actos de violencia por razón de orientación sexual e identidade de xénero en todo o mundo e de propoñer as medidas que se deben adoptar.

En Galicia, os principios de liberdade e igualdade do individuo aparecen recollidos no Estatuto de autonomía de Galicia, e son moitas as normas que consagran a igualdade, independentemente do estado civil ou da orientación sexual; por citar algunha, a Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.

A sociedade galega ofrece un grao de aceptación moi elevado ás distintas formas de orientación sexual e de identidade sexual, e é maioritariamente consciente da necesidade de erradicar calquera forma de discriminación por esta causa.

Esta lei 2/2014, persegue garantir a igualdade de trato e combater a discriminación por razóns de orientación sexual e identidade sexual; trátase de eliminar calquera indicio de discriminación que poidamos apreciar no eido do ensino, das relacións laborais, da cultura, da saúde, do deporte e, en xeral, no acceso a calquera ben ou servizo.

O órgano competente da Comunidade Autónoma en materia de traballo establecerá un programa de información e divulgación da normativa aplicable relativa á non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero, así como programas de loita contra a discriminación, particularmente no ámbito laboral, dirixidos a empresarios e empresarias, sindicatos, autónomos, responsables da inspección laboral, do servizo público de emprego e de calquera centro de traballo.



A consellaría competente en materia de traballo promoverá a incorporación, nos seus plans de formación en materia de igualdade, de oportunidades, independentemente da orientación sexual ou da identidade de xénero das persoas.

A Administración autonómica promoverá a elaboración dun estudo no que se visibilice a situación das persoas LGTBI e no que se garantan a confidencialidade e a privacidade dos datos das persoas, para os efectos de coñecer a súa situación laboral e as medidas que se deben adoptar para loitar contra a súa posible discriminación no ámbito das empresas públicas e privadas.

Os servizos públicos de emprego, as súas entidades colaboradoras e as axencias de colocación autorizadas no ámbito da Comunidade Autónoma deberán velar especificamente polo respecto do dereito de igualdade de trato e non discriminación no acceso ao emprego, conforme a lexislación estatal competente nesta materia.

A inspección de traballo, nos termos previstos na normativa aplicable, deberá garantir o respecto do dereito de igualdade de trato e non discriminación no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.

No marco do diálogo social, en colaboración coas organizacións sindicais e empresariais, a consellaría competente en materia laboral promoverá a elaboración dun protocolo de igualdade e boas prácticas no ámbito empresarial e das relacións laborais en materia de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero.

A Xunta de Galicia instará as organizacións sindicais e empresariais presentes no diálogo social a que actúen no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e, se é o caso, en colaboración coas asociacións, organizacións e colectivos LGTBI, a:



1. Impulsar medidas inclusivas para persoas LGTBI nos convenios colectivos de todos os sectores laborais.
2. Informar sobre a normativa en materia de discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero.
3. Promover os dereitos e a visibilidade das persoas LGTBI nos lugares de traballo.
4. Tratar de xeito específico a discriminación múltiple, na que a causa de orientación sexual e identidade de xénero se combine coa de sexo ou enfermidade, discapacidade física ou intelectual ou pertenza a calquera etnia ou relixión, así como a discriminación de persoas transexuais e transxénero, e incentivar a súa contratación.
5. A representación legal das persoas traballadoras velará pola promoción do dereito á igualdade de trato e non discriminación na empresa por razón das causas previstas nesta lei e, en particular, en materia de medidas de acción positiva, e pola consecución dos seus obxectivos.

TEMA 9

CONCEPTOS BÁSICOS DE PRIMEIROS AUXILIOS



Pódense definir os primeiros auxilios como a asistencia inmediata, limitada e temporal prestada por unha persoa non especialista na materia. Nalgúns casos, a atención inmediata pode salvar vidas ou evitar un deterioro no estado de saúde do accidentado.

Os primeiros auxilios non teñen como obxectivo solucionar, de xeito definitivo, unha lesión ou enfermidade, senón que a súa finalidade é a de xerar as mellores condicións para que o accidentado sexa tratado finalmente polos profesionais da saúde.

Para prestar os primeiros auxilios non se precisa contar con equipos especializados.

### OBXECTIVOS DOS PRIMEIROS AUXILIOS

- \* Evitar a morte
- \* Impedir o agravamento das lesións
- \* Evitar máis lesións das xa producidas
- \* Aliviar a dor
- \* Evitar infeccións ou lesións secundarias
- \* Axudar a facilitar a recuperación do lesionado

### PAUTA XERAL DE ACTUACIÓN

A) Protexer ao accidentado e a un mesmo

O primeiro é facer seguro o lugar do accidente, tendo en conta que é preferible afastar o perigo, que mobilizar ao accidentado. Debe terse en conta as seguintes pautas:

- Feridas sangüentas – usar luvas desbotables
- Electrocuación - desconectar a corrente



- Incendios – controlar o fogo e se hai fume, ventilar
- Fugas de gas – ventilar e cortar o gas
- Accidentes de tráfico – aparcarse ben, poñer o chaleco de alta visibilidade e sinalizar

## B) Avisar aos servizos de emerxencia: 112

Neste caso é preciso seguir as seguintes pautas:

- Identificarse
- Informar acerca do lugar exacto
- Especificar o tipo de accidente e circunstancias que poidan agravar a situación
- Informar acerca do número de feridos e o seu estado aparente

É importante manter libre a liña telefónica utilizada para a comunicación do accidente.

## C) Socorrer aplicando os coñecementos de primeiros auxilios

No suposto da existencia de varios accidentados, debe priorizarse a asistencia de acordo coas seguintes pautas:

- Prioridade inmediata – Problemas respiratorios, paros cardíacos, hemorraxias graves, inconsciencia, shock, tórax aberto ou feridas abdominais, queimaduras do aparello respiratorio ou feridos con máis dunha fractura importante.
- Prioridade secundaria - Queimaduras graves, lesións da columna vertebral, hemorraxias moderadas, accidentados conscientes con lesións na cabeza.
- Prioridade terciaria – Fracturas leves, contusións, abrasións e queimaduras leves.
- Última prioridade – Defuncións



## PERSOAL DE ASISTENCIA

A persoa que presta a asistencia debe:

- \* Ter coñecementos básicos de primeiros auxilios – De non ser así, é mellor absterse de actuar, xa que intervencións inadecuadas poden incluso agravar a situación.
- \* Facer unha boa composición de lugar antes de actuar
- \* Protexerse contra riscos biolóxicos
- \* Actuar con tranquilidade e rapidez
- \* Tranquilizar ao ferido
- \* Evitar mover ao accidentado
- \* Limitarse ás actuacións indispensables
- \* Manter ao ferido quente e afrouxar as roupas que lle opriman
- \* Apartar aos curiosos

## AVALIACIÓN DO ACCIDENTADO

Denomínase así ao recoñecemento do accidentado no lugar dos feitos, enfocado a detectar lesións ou situacións potencialmente perigosas para a súa vida.

É necesario que a actuación sexa sistemática e secuencial. Débese seguir escrupulosamente o procedemento seguinte:

### 1ª Fase – Avaliación primaria

Identificación de situacións que poidan supoñer unha ameaza inmediata para a vida da persoa.

1º – Valorar a consciencia

2º – Valorar a respiración

### 2ª Fase – Avaliación secundarias



Tras asegurar as funcións vitais débese tratar de detectar outras posibles lesións. Para iso, realizaremos unha exploración detallada e sistemática desde a cabeza ata as extremidades buscando feridas, fracturas, hemorraxias, queimaduras, movementos torácicos anormais etc.

## PARADA CARDIORESPIRATORIA. REANIMACIÓN PULMONAR

A parada cardiorespiratoria é a interrupción brusca, inesperada e potencialmente reversible, da respiración e da circulación. A reanimación cardiopulmonar (RCP) é un conxunto de manobras estandarizadas de desenvolvemento secuencial, coa finalidade de substituír primeiro e restablecer despois, a respiración e a circulación espontánea.

O cese da circulación durante máis de 3 minutos pode provocar dano cerebral irreversible. A partir dos 5 minutos pode provocar a morte.

A RCP debe aplicarse ante unha parada cardíaca e/ou respiratoria.

1. O reanimador debe abrir a vía aérea e mantela permeable. Debe colocarse ao ferido tumbado boca arriba sobre unha superficie lisa e dura, cos brazos estendidos ao longo do corpo, afrouxar as roupas e desvestir o tórax. Existen dous tipos de manobras:

### A) Manobra fronte-mentón

- Retirar os obxectos visibles da boca da vítima
- Colocar unha man na fronte da vítima e cos dedos 2º e 3º da outra man na punto do mentón, inclinar a cabeza ata atrás e elevar a mandíbula deixando libres o polgar e índice da primeira man para pechar o seu nariz se require ventilación.

### B) Manobra de hiperextensión do pescozo



Colocar unha man na fronte da vítima e a outra man baixo o pescozo elevándoo suavemente.

### C) Tracción de mandíbula

Se hai sospeita de lesión cervical, as manobras fronte-mentón e hiperextensión do pescozo están contraindicadas. Nestes casos recoméndase a tracción de mandíbula. Consiste en introducir o polgar na boca do ferido por detrás da arcada dentaria inferior e cos dedos polgar e índice facendo gancho e traccionar da mandíbula cara arriba, mentres coa outra man fíxase a cabeza evitando que se desprace en calquera dirección.

2. Mantendo a vía aérea aberta, o reanimador debe mirar o peito da vítima e acercar a cara a súa boca para ver os movementos do tórax, oír os sons respiratorios e sentir a saída de aire na meixela. Mirar, escoitar e sentir uns 10 segundos para determinar se respira normalmente.

No suposto de que non respire con normalidade, procede iniciar a RCP propiamente dita, que consiste nunha combinación de respiración artificial boca a boca e masaxe cardíaco externo.

### 3. Secuencia da RCP

- Comezamos con 2 insuflacións
- Daranse 30 compresións seguidas con 2 insuflacións e así sucesivamente: relación 30/2
- Valorar a respiración cada 10 respiracións
- Non parar máis de 10 segundos
- Manter a RCP ata a chegada de axuda, ata a recuperación da vítima ou ata que se produza o esgotamento do reanimador

### 4. Pautas para aplicar a respiración artificial boca a boca

- Manter a vía aérea aberta e permeable





- No caso de dispoñer de protector, interpoñelo entre a boca do socorrista e a boca do accidentado.
- Pinzar o nariz da vítima co índice e polgar da man que se ten na súa fronte
- Facer unha inspiración profunda para encher os pulmóns con oxíxeno
- Colocar os beizos ao redor da boca da vítima asegurando un bo selado
- Soprar uniformemente ata que o tórax se eleve como nunha respiración normal
- A insuflación de aire debe durar ao redor dun segundo
- Separar a boca da da vítima e ladeando a cabeza, mirar como descende o tórax cando sae o aire
- Débese evitar insuflar unha cantidade excesiva de aire, facelo con demasiada rapidez ou a un ritmo moi elevado
- Débese conseguir dúas insuflacións efectivas cada cinco intentos
- A frecuencia da ventilación será de 12 veces por minuto
- Se se consegue restablecer a respiración espontánea, débese colocar ao accidentado en posición lateral de seguridade e controlar que segue respirando

#### 5. Pauta para aplicar a masaxe cardíaca externa

- Axeonllarse en calquera dos dous costados do paciente. Este debe estar tombado boca arriba sobre unha superficie dura.
- Colocar o talón dunha man sobre o punto de presión na metade inferior do esterno e o talón da outra man sobre a primeira entrelazando os dedos de ambas mans.
- Manter rectos os brazos e utilizar o peso do corpo para facer a compresión
- Premer sobre o esterno cara abaixo coa forza necesaria para desprazar o esterno uns 4 ou 5 cm.
- Realizar ciclos de 1 segundo: medio segundo para a compresión e o outro medio para a descompresión.
- Non despegar as mans do tórax con cada compresión
- A frecuencia recomendada actualmente é de 100 compresións por minuto.



## OBSTRUCCIÓN DA VÍA AÉREA

Situación na que existe un obstáculo ao paso do aire pola vía respiratoria ata os pulmóns.

Os síntomas son:

- Dificultade respiratoria
- Tose
- Axitación
- O afectado leva as mans á gorxa
- Perda de coñecemento

Actuacións a realizar pola persoa que presta o auxilio:

- Se a persoa está consciente, realizar 5 palmadas no lombo
- Se as palmadas non son efectivas realizaranse 5 compresións abdominais, o que se coñece como a manobra de Heimlich

Pautas da manobra de Heimlich

- Coller ao accidentado por detrás e por debaixo dos brazos inclinándoo cara adiante
- Colocar o puño cerrado 4 dedos por riba do seu embigo na alínea media do abdome
- Efectuar 5 compresións abdominais centradas, cara adentro e cara arriba

## DESVAECIMENTO OU LIPOTIMIA

É a perda de coñecemento breve, por diminución momentánea do rego sanguíneo ao cerebro. De forma previa á perda de coñecemento, poden aparecer os seguintes síntomas:



- Malestar
- Sensación de mareo
- Zumbado nos oídos
- Palidez
- Sudación fría
- Tremor

Pautas a seguir pola persoa que presta o auxilio:

- Sentar ao accidentado facendo que agoche a cabeza entre as pernas ou tombalo no solo boca arriba levantando os seus pés por riba do nivel do seu corazón.
- Afrouxar a roupa
- Procurar que teña suficiente aire
- Se non recupera o coñecemento, colocalo na posición lateral de seguridade ata a chegada de asistencia médica

## CONVULSIÓNS

Son movementos tónico clónicos do corpo, acompañados xeralmente da perda de coñecemento, relaxación de esfínteres, saída de espuma pola boca e amnesia posterior.

Pautas a seguir pola persoa que presta o auxilio:

- Deixar á persoa onde estea
- Facer seguro o lugar
- Non intentar suxeitalo durante as convulsións
- Evitar que se morda a lingua: colocar un obxecto brando entre os seus dentes, agás no suposto en que a boca estea pechada.
- Logo da convulsión: colocar á persoa en posición lateral de seguridade, explorala por se existe algunha lesión e permanecer xunto a ela e tranquilizala.

## CONTUSIÓNS



Son lesións de tecidos brandos causadas polo golpe directo dun axente externo. Os síntomas son:

- dor
- inflamación
- enrouquecemento da pel
- discreta impotencia funcional pola dor

A persoa que presta o auxilio debe:

- Aplicar xeo ou panos humedecidos con auga fría sobre a zona afectada, durante períodos de 10 minutos con períodos entre 15 e 20 minutos de descanso.
- Repouso e elevación da zona afectada.
- Se aparece unha deformidade da zona, non manipular
- En contusións graves, inmovilizar a zona e evacuar ao ferido a un centro hospitalario

## FERIDAS

Descontinuidade da pel. Ao romperse a mesma, a súa capacidade protectora diminúe e increméntase o risco de infección.

As pautas a seguir son:

- Preparar gasas, antiséptico, apósitos adhesivos, luvas, desinfectar pinzas e tesoiras.
- Lavado de mans con auga e xabón
- Poñer luvas desbotables.
- Descubrir a ferida
- Lavala con abundante auga e xabón ou con antiséptico
- Limpala con gasas estériles desde o centro ata a periferia
- De observarse corpos estraños soltos, deben retirarse realizando un lavado con soro fisiolóxico. No suposto de estar incrustados non retiralos.
- Secar a ferida



- Aplicar antiséptico
- Cubrir a ferida con apósito estéril
- Fixar o apósito con esparadrapo ou vendas

## QUEIMADURAS

As queimaduras son lesións dos tecidos brandos producidas por axentes físicos ou químicos. As queimaduras poden ser: térmicas, químicas ou eléctricas. Segundo a súa profundidade, poden ser de primeiro grao, de segundo grao e de terceiro grao.

Pautas a realizar nas queimaduras térmicas:

- Eliminar a causa
- Refrixerar con auga
- Cubrir a zona lesionada
- Vixiar signos vitais
- Evacuar a un centro sanitario

Pautas a realizar nas queimaduras químicas:

- Retirar a roupa da zona afectada o máis pronto posible
- Lavar, de inmediato e con abundante auga, durante 20 ou 30 minutos
- A auga pode ser aplicada directamente da billa ou mediante dispositivos
- Acudir a un centro sanitario

Pautas a realizar nas queimaduras eléctricas:

- Desconectar a corrente eléctrica
- Valorar ao accidentado e os seus signos vitais
- Proceder á reanimación cardiopulmonar, no caso de ser necesario.
- No caso de electrocución insistir na reanimación aínda que leve varios minutos sen pulso.
- Buscar e atender outras posibles fracturas.
- Abrigar ao accidentado.
- De estar consciente subministrar auga bicarbonatada



- Aplicar auga nas zonas de entrada e saída da descarga eléctrica e cubrir con gasas e panos limpos.

## TEMA 10

### PROTOCOLO A SEGUIR EN SITUACIÓNS DE PERIGO

Para poder actuar en situacións de perigo, resulta necesario adoptar unha serie de medidas básicas.

1. Coñecer as emerxencias que se producen con maior frecuencia no posto de traballo
2. Saber actuar ante esas emerxencias.
3. Información aos servizos técnicos de urxencia (112, 061).
4. Dispoñer do equipamento e material necesario para a atención das urxencias médicas ou complicacións de tipo cardiopulmonar básicas.
5. Realizar simulacións para ter un control das posibles situacións de perigo e corrixir deficiencias.

Ante unha situación de perigo con risco vital, está demostrado que a resolución do caso pode depender moito da primeira resposta sanitaria que se dea.

### PRINCIPIOS BÁSICOS DE ACTUACIÓN



1. Protexer tanto ao accidentado ou enfermo como a un mesmo
2. Avisar ao servizo de emerxencias 112 e informar dos feitos coa maior exactitude posible.
3. Mentres tanto, atender ao paciente, tranquilizalo e proceder a unha exploración primaria.

## RECOÑECIMENTO DE SIGNOS VITAIS

1. Consciencia – Preguntar ao paciente que lle pasa. Se está consciente é posible que manteña as súas constantes vitais. Debemos colocalo na posición na que se atopa máis cómodo. Nos supostos de dificultade respiratoria ou dor abdominal colocar ao paciente sentado. Ante pródromos de síncope vaso-vagal, colocar ao paciente en decúbito supino coas pernas elevadas. No caso de inconsciencia debemos asegurarnos de que está realmente inconsciente e colocalo en decúbito supino con lixeira elevación dos pes. No caso de embarazadas colocar en posición lateral esquerda.
2. Respiración – No suposto de falta de respiración deben realizarse as manobras de reanimación pulmonar.
- 3- Pulso – Localizar a larinxe e deslizar os dedos índice e medio ata o oco que forma a larinxe cos músculos laterais do pescozo, premendo coas xemas dos dedos. Non usar o dedo polgar para comprobar o pulso. Se non hai pulso realizarase a masaxe cardíaca.

## TIPOS DE EMERXENCIAS MÁIS FRECUENTES

### A) PERDA DE COÑECIMENTO



CONCEPTO – O cadro máis habitual de perda de coñecemento é a síncope ou perda brusca e transitoria da conciencia e tono muscular, de duración curta e recuperación espontánea, sen que sexa necesaria unha actuación médica e sen repercusión posterior.

A síncope vaso-vagal ou espasmo pode ir precedido de sudoración fría, palidez, náuseas e visión borrosa. Dura segundos e adoita ter unha recuperación rápida. Axentes que o provocan son: estrés, hipotensión, dor, hiperventilación, problemas cardíacos, hipo ou hiperglucemia, dietas de adelgazamento moi severas, crise epilépticas, patoloxía vascular ou traumatismo craneal.

MODO DE ACTUACIÓN – En canto se noten os primeiros síntomas, colocar ao paciente en decúbito coas pernas elevadas. Se hai perda de coñecemento, usar a posición lateral de seguridade e manter a vía respiratoria aberta. Tranquilizar ao paciente tras a recuperación. Non deixar ao paciente só polo risco de traumatismo se se produce unha caída durante a síncope.

## B) CONVULSIÓNS

CONCEPTO – Episodio de orixe neurolóxica de inicio brusco que pode manifestarse con sintomatoloxía sensitiva ou motora, perdendo ou non a conciencia. O máis habitual é a perda brusca de coñecemento seguida de movementos bruscos das extremidades e cianose. Ceden espontaneamente e adoitan ser breves.

MODO DE ACTUACIÓN – Manter ao paciente tombado retirando os obxectos que teña ao redor para que non se golpee. Tentar evitar a mordedura da lingua cun pano, non un obxecto duro. Tras o episodio, colocar ao paciente en posición lateral de seguridade.

## C) OBSTRUCCIÓN DAS VÍAS RESPIRATORIAS





CONCEPTO – Certeza ou sospeita de corpo extraño nas vías respiratorias. Débense realizar manobras oportunas para a súa desobstrución. O mecanismo máis eficaz para expulsar o corpo extraño é a tose.

MODO DE ACTUACIÓN – Se o paciente respira hai que animalo a que tusa. Se isto non é efectivo farase a manobra de Heimlich.

#### D) REACCIÓNS ALÉRXICAS

CONCEPTO – Resposta anormal ante determinado estímulo nun individuo predisposto. Poden afectar a un órgano ou ser multiorgánicas e aparecer inmediatamente ou ás poucas horas. Podemos considerar 3 tipos de reaccións:

- Urticaria: proceso cutáneo que cursa cun intenso prurito ou sensación de queimadura e que se acompaña da aparición de lesións en toda a superficie cutánea e, en ocasións, tamén nas mucosas. O característico deste proceso é que as lesións tenden a desaparecer nunhas horas. Débese retirar o estímulo inmediatamente.

- Anxioedema: caracterízase pola rápida tumefacción da pel, as mucosas e os tecidos submucosos. Pode producir dificultade respiratoria. Aplicar antihistamínico de inmediato.

- Anafilaxia: reacción alérxica severa en todo o corpo e é potencialmente mortal. Cursa con prurito, sibilancias, estridor, hipotensión, taquicardia, convulsións e finalmente coma. Aplicar adrenalina inmediatamente para parar a reacción e usar corticoides para evitar reaccións adversas.

MODO DE ACTUACIÓN – Non dar medicamentos que non saibamos seguros para o paciente. En canto se noten os primeiros síntomas de reacción alérxica retirar o estímulo.

#### E) HEMORRAXIAS



CONCEPTO – Saída de sangue a través dunha ferida ou rotura arterial, venosa ou capilar.

MODO DE ACTUACIÓN – Limpar coidadosamente a zona afectada cun soro fisiolóxico ou auga da billa suavemente. Logo desinfectar a zona con povidona iodada ou clorhexidina de dentro a fóra da ferida e comprimila con gasas. Non usar alcol nin algodón para limpar a ferida nin retirar obxectos punzantes da ferida.

#### F) ACCIDENTES NOS OLLOS

CONCEPTO – Introducción de corpos estraños ou líquidos nos ollos

MODO DE ACTUACIÓN – Lavarse as mans ou actuar con luvas. Impedir que o afectado frote os ollos. Lavar con soro fisiolóxico. Se hai un corpo estraño, tirar do párpado inferior primeiro, que é onde se adoita aloxar o corpo estraño e retiralo con gasa estéril. Se o obxecto está cravado no ollo ou consta desgarrado o globo ocular, non pretender retiralo e acudir a un centro sanitario. No caso de queimaduras por axente químico, facer lavado intenso e chamar ao Centro Nacional de Información Toxicolóxica. (915 62 04 20)

#### G) CRISE ASMÁTICA

CONCEPTO – episodio de broncoespamo que cursa con disnea e tose seca

MODO DE ACTUACIÓN – Tranquilizar ao paciente e mantelo sentado facendo que inhale os broncodilatadores.

#### G) URXENCIAS EN PACIENTES DIABÉTICOS



CONCEPTO – enfermidade crónica que cursa cun déficit de insulina. Poden darse dúas situacións:

- Hipoglucemia: diminución da glucosa en sangue por debaixo de 60 mg/dl. Síntomas iniciais: tremor, palpitacións, sudación fría e fame. Se progresa pode provocar mareos, confusión, convulsións e coma.

- Hiperglucemia: aumento da glucosa en sangue por riba dos 180 mg/dl. Non adoita ter sintomatoloxía, aínda que os signos cardinais son poliuria e polidipsia, podendo chegar a náuseas, vómitos e dor abdominal, podendo chegar ao coma.

MODO DE ACTUACIÓN -

- Hipoglucemia: administrar 10-15 mg de azucre de absorción rápida. Se aos 10 ou 15 minutos non persisten os síntomas repetir o anterior. Se se recupera administrar 15 mg de azucres de absorción lenta. En caso de inconsciencia chamar ao 112.

- Hiperglucemia: administrar insulina segundo a pauta recomendada. Por riba de 400 mg/dl derivalo a un servizo de urxencias.

TELÉFONOS DE EMERXENCIAS:

Axencia Galega de Emerxencias: 112

Urxencias sanitarias: 061

Seguridade:

- Policía nacional -091
  - Policía local -092
  - Garda Civil -062



## TEMA 11

### TÉCNICAS BÁSICAS DE AUTOCONTROL EN SITUACIONES DE ESTREMA NECESIDADE

As situacións de emerxencia son situacións adversas que alteran a vida das persoas, os seus bens e o ambiente, entre cuxas consecuencias podemos atopar a perda de vidas humanas, afectación nas condicións de saúde das persoas, alteración da vida laboral, diminución do benestar social, entre outras.

Calquera persoa involucrada nun accidente ou catástrofe pode resultar psicolóxicamente afectada. Ninguén é inmune aos efectos dun accidente ou dunha situación de perigo. A maioría das persoas experimentan, en maior ou menor medida, emocións tales como medo, temor, inseguridade, incertidume, pena, dor, preocupación ... Reaccións, en todo caso, esperables nunha situación de extrema necesidade.



Nas situacións de emerxencia entran en xogo as emocións humanas. Nestes casos hai catro aspectos a considerar:

- \* A situación concreta.
- \* Unha serie de reaccións fisiolóxicas específicas ou sensacións (aceleración do pulso e da respiración, tensión muscular, etc)
- \* Uns pensamentos determinados
- \* Un tipo de resposta concreta e apropiada para cada situación

A ansiedade e a desesperación son reaccións naturais e positivas, pero tamén poden ser emocións negativas que non funcionan como deberían ante situacións de extrema necesidade. Comprender, coñecer e admitir as emocións é o procedemento para poder controlalas.

A ansiedade é unha desas emocións que hai que saber manexar porque son vividas como desagradables e poden provocar condutas inapropiadas, especialmente cando se producen en situacións de emerxencia ou de perigo para as persoas, e na que esteamos obrigados a actuar con rapidez e serenidade. A ansiedade consiste nun conxunto de sentimentos de medo, inquietude, tensión, preocupación e inseguridade, que experimentamos ante situacións que consideramos ameazantes. A ansiedade inclúe os seguintes componentes:

- \* os pensamentos e as imaxes mentais atemorizantes (cognitivo)
- \* as sensacións físicas que se producen cando estamos nerviosos ou furiosos (fisiolóxico)
- \* os comportamentos que son a consecuencia da resposta de ansiedade (condutual)

## TÉCNICAS DE AUTOCONTROL

### Técnica 1 – Respiración profunda



Esta técnica de control emocional é moi sinxela de aplicar e, ademais, resulta moi útil para controlar as situacións emocionalmente intensas.

- Inspirar profundamente mentres contamos mentalmente ata 4
- Manter a respiración mentres contamos mentalmente ata 4
- Soltar aire mentres contamos mentalmente ata 4

Trátase de realizar as distintas fases da respiración de forma lenta e un pouco máis intensa do normal.

### Técnica 2 – Detención do pensamento

Esta técnica baséase no control do pensamento. Debe terse en conta o seguinte:

- Cando exista situación de incomodidade, nerviosismo ou alteración, prestar atención ao tipo de pensamentos que se están a ter e identificar os que teñen connotacións negativas.
- Eliminar eses pensamentos e substituílos por pensamentos positivos

O problema que pode presentar esta práctica é que se necesita certa práctica para poder identificar os pensamentos positivos dos negativos e ter a facultade de substituír uns por outros.

### Técnica 3 – Relaxación muscular

Para a súa aplicación son necesarios os seguintes pasos:



- Sentarse tranquilamente nunha posición cómoda. Pechar os ollos
- Relaxar lentamente os músculos do corpo, comezando cos dedos dos pés e relaxando logo o resto do corpo para chegar aos músculos do pescozo e a cabeza
- Unha vez relaxados os músculos do corpo, imaxinarse nun lugar pacífico e relaxante do xeito máis claro posible.

#### Técnica 4 – Ensaio mental

Esta técnica de control é útil para afrontar situacións de perigo. Consiste simplemente en imaxinarnos nesa situación e ver que o estamos a facer ben. Isto axuda á persoa a gañar en seguridade e poder actuar correctamente ante a emerxencia que se lle presenta.

#### Técnica 5 – Regulación do pensamentos

Cando estamos ante un momento de malestar mental e non sabemos como xestionar as nosas emocións, podemos experimentar algo coñecido como **“torrente de pensamentos”**. Moitas veces, eses pensamentos incontrolados son negativos e non nos deixan buscar unha solución á situación estresante. Por esa mesma razón, regular o pensamento pode ser unha técnica eficaz de control emocional. O primeiro paso será detectar o torrente de pensamentos e ir identificando que tipo de ideas temos na cabeza. A continuación, procedemos a ordenalas e priorizar as que favorecerán a atención inmediata aos feridos.

#### Técnica 6 – Razoamento lóxico

O razoamento lóxico consiste en analizar un a un os pensamentos que nos producen malestar emocional e razoalos de xeito lóxico, para actuar do xeito máis inmediato e eficaz posible.



## Técnica 7 – Centrar os pensamentos

Esta técnica é recomendable en situacións de emerxencia, cando non podemos controlar as emocións doutra forma. Debemos centrar a mente na persoa que precisa auxilio, recordando as técnicas aprendidas en primeiros auxilios, e pensando que unha boa actuación pola nosa parte pode salvar vidas.

### PRINCIPAIS PUNTOS A TER EN CONTA

1. Ser consciente – É necesario aterrar na realidade na que a persoa se atopa e pensar con tranquilidade. Se entramos en desesperación, os nervios saltarán, será moito peor para as persoas ás que debemos prestar axuda e poder dar lugar a un bloque mental.
2. Facer exercicios de respiración – Practicar os ditos exercicios permitirá sentir como o aire entra e sae dos pulmóns mentres se libera a tensión muscular. Tamén axudará a manter os pensamentos baixo control e xestionar mellor as emocións.
3. Manexar axeitadamente a nosa linguaxe xestual – É importante recordar que toda expresión comunica. O permitir que a angustia ou o medo se apodere da nosa mente e se transmita a través da xestualidade no noso rostro, pode alarmar e preocupar a quen nos rodea. Deste xeito, controlaremos as nosas emocións e transmitiremos tranquilidade ás persoas necesitadas de axuda.
4. Prepararse a diario – Facer exercicio regularmente aumentará os niveis de endorfinas e diminuírá o estrés diario que ante unha situación de emerxencia poida verse aumentado, imposibilitando unha axuda inmediata.





## ASPECTOS CONCRETOS NA FUNCIÓN DE CONTROLADOR DE ACCESO

Un aspecto esencial que deben coñecer os controladores de acceso é que o comportamento humano pode variar segundo as circunstancias. Neste sentido, a actividade que se teña ante as diferentes actuacións que xurdan axudará ou prexudicará para que a interacción coas demais persoas sexa frutífera. Para entender o comportamento humano é necesario ter unha excelente capacidade de observación. Mediante a observación dos comportamentos, o controlador pode adaptar moito mellor a súa forma de actuar, adecuándoa para que a probabilidade de éxito sexa maior. En situacións de risco é fundamental que se parta dun autocontrol máximo, para poder transmitir a seguridade necesaria para que os demais poidan confiar en ti e así acatar as instrucións.

A figura do controlador de acceso leva unida necesariamente a virtude do autocontrol. Pártese de que as persoas que acoden aos locais onde o acceso está controlado, poden mostrar todo tipo de comportamentos, actitudes, e ata atoparse nun estado alterado por substancias como o alcol ou as drogas. Por iso, é esencial que sexan un exemplo de autocontrol e, en todo momento, teñan perfectamente claro como actuar.

Unha primeira pauta que debe ter presente un controlador é a prevención de situacións potencialmente perigosas. É importante que sexan conscientes de que as persoas alteradas non son tan conscientes dos seus actos, polo que o fundamental é detectalas e procurar anticiparse a situacións que poidan desencadearse debido a este estado. Por iso, a observación do comportamento servirá para actuar canto antes e da mellor forma.

Neste cadro, recollemos algúns comportamentos típicos de persoas violentas ou alteradas polo consumo de substancias:



PERSOAS VIOLENTAS	PERSOAS QUE CONSUMEN SUBSTANCIAS
<ul style="list-style-type: none"><li>- Linguaxe corporal (puños apertados, expresión facial tensa, postura ríxida, tirantez indicativa dun esforzo por controlarse, etc)</li><li>- Verbalizacións hostís, ameazadoras</li><li>- Xactancia de abuso previo doutros</li><li>- Actividade motora incrementada</li><li>- Paseos inquedados</li><li>- Excitación, irritabilidade, axitación</li><li>- Actos manifestos de violencia e agresivos</li><li>- Destrucción de obxectos da contorna</li><li>- Rabia</li><li>- Condutas autodestrutivas</li><li>- Sospeita doutros, ideación paranoide, delirios, alucinacións, abuso ou abstinencia de substancias</li><li>- Niveis crecentes de ansiedade</li><li>- Temor de si mesmo ou de outros</li><li>- Inhabilidade para verbalizar os sentimentos</li><li>- Repetición de verbalizacións</li><li>- Cólera</li><li>- Conduta provocadora</li><li>- Autoestima vulnerable, depresión</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Estimulantes Producen incremento na alerta, excitación, euforia, aumento do pulso cardíaco e a presión sanguínea, insomnio e inapetencia</li><li>- Depresivas Provocan dificultade ao falar, desorientación, cambaleo ao camiñar e embriaguez</li><li>- Narcóticas Entre os seus efectos están a euforia, o mareo, a diminución do ritmo respiratorio e as náuseas</li><li>- Alucinóxenas Producen espellismos, alucinacións, percepcións alteradas do corpo e da realidade e moita excitación emocional</li><li>- Outras (Cannabinoideas) Ocasional euforia, desinhibición, incremento do apetito, deterioración da memoria e da atención</li></ul>



Ante as persoas que presentan estes síntomas, o controlador deberá realizar unha serie de comportamentos que se adecúen o mellor posible a estes estados alterados.

Pautas a seguir:

- \* Non mostrarse agresivo nin física nin verbalmente, senón cunha actitude de seguridade cara as persoas que estean padecendo a situación alterada por alguén que mostre sinais de violencia ou de consumo de substancias.
- \* Actuar con profesionalidade, sen implicacións persoais nin poñéndose á altura de alguén que estea alterado.
- \* Non deixarse levar por sentimentos ou emocións que nada teñen que ver coa labor profesional que desenvolven.
- \* Non ceder ás agresións nin ás provocacións senón estar por riba delas, mostrando unha autoridade controlada.
- \* Non golpear ao cliente senón empregar habilidades persuasoras.
- \* Evitar por ao seu alcance obxectos que poidan ser utilizados como armas.